

anda!na

55

revista galega de pensamento feminista
2/2010 prezo: 5 euros



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 11 Instantáneas das mulleres en movemento**
Zélia Garcia
- 14 Orgullo 2010**
- 16 Aquelarre e homenaxe ás bruxas no Casco Vello de Vigo**
Organizado pola Asemblea de Mulleres desta comarca
- 18 Algunhas reflexións sobre o papel da muller na crenza no mal de ollo**
Milagros Torrado Cespón
- 22 Mulleres no audiovisual galego**
Marta Piñeiro
- 25 A formación académica da muller no ámbito audiovisual galego**
Anna Amorós Pons
- [DOSSIER] **28 Mares de mulleres [2ª parte]**
- 30 As colareiras**
Patricia Arias Chachero
- [ENTREVISTA] **35 Entrevista a mariscadoras, percebeira e redeira**
Laura Gómez Lorenzo
- 47 Mardelira, un proxecto de desenvolvemento integral e sustentable da comunidade pescadora do porto de Lira**
M. Tilve
- [REVISTAS] **50 Ardentía: Revista Galega de Cultura Marítima: O mar tamén ten mulleres**
Nanina Santos
- [FILMES] **54 A mariñeira**
- [LEMBRANZAS] **55 Dora e os seus irmáns de tres nais**
Anna Amorós Pons
- [LIBROS] **57 Feministas galegas**
P. Santos Arias
- 58 Sobre unha mostra da desigualdade. Relato sobre a sospeita dunha loita pouco afortunada**
María do Carme García-Negro

Revista Galega de Pensamento Feminista
Segundo cuatrimestre, 2010
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
Zélia Garcia
Milagros Torrado Cespón
Marta Piñeiro
Anna Amorós Pons
Patricia Arias Chachero
Laura Gómez Lorenzo
Nanina Santos
M. Tilve
P. Santos Arias
María do Carme García-Negro

Deseño gráfico: **Uqui IIIII Cebra**
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

A polémica do uso do velo estivo hai uns meses en todos os xornais a raíz do caso de Najwa Malha, unha moza española expulsada dun instituto de Pozuelo (Madrid) por asistir a clase coa cabeza cuberta, algo que as normas do instituto prohibían. Anteriormente houbo outros sucesos semellantes con alumnas en Madrid e Xirona; aínda son casos contados, pero na medida en que a poboación musulmá, emigrante ou non, é cada vez máis notoria van ser cada vez tamén máis frecuentes estes conflitos.

Discútese se debe prevalecer o dereito ao ensino e a liberdade relixiosa ante as normas do colexio que expresamente prohiben ir con gorras ou con panos na cabeza; se nas escolas e centros públicos non se debe admitir ningún símbolo relixioso, nin os crucifixos nin os velos. Discútese se o velo é un signo de identidade ou unha demostración pública de submisión da muller...

O feito de que moitas das mulleres que usan o velo procedan de países e culturas nas que as mulleres están claramente discriminadas fai tamén mirar con desconfianza esta práctica. Mesmo dentro do feminismo hai posturas enfrontadas con este tema, aínda que en xeral as voces maioritarias se decantan por considerar que o velo é unha imposición machista que vai contra a igualdade de homes e mulleres. Sirvan coma mostra estes extractos de declaracións feitas a diversos medios:

O velo desindividualiza completamente á muller, a despersonaliza e representa un símbolo da asignación estrutural da muller ao espazo privado... as mulleres con velo non poden ser tratadas como un ser humano pola disfuncionalidade e o simbolismo que representa a súa vestimenta (Celia Amorós).¹

Se o velo islámico se ve coma un símbolo relixioso, non debería estar no espazo público e se se ve coma símbolo cultural, tradúcese en que as mulleres deben mostrar obediencia e respecto os varóns, contra o que di a Constitución «claramente» de que homes e mulleres son iguais (Amelia Varcárcel).²

editorial

Pero hai tamén quen se manifesta a favor da liberdade da muller que decide usalo sempre que sexa por propia iniciativa:

Eu son feminista, é dicir, estou en contra de todo tipo de violencia e de opresión contra a muller, defendo a igualdade entre o home e a muller. Pero non hai unha soa maneira de ser feminista ou de defender as mulleres. Eu non estou oprimida por levar o velo. Sei que hai mulleres que pensan que taparse a cabeza é un símbolo de opresión. Pero repito: eu non o estou. Nos anos setenta, talvez podería ser así. Pero non agora. Trátase dunha elección persoal. Por que o repiten constantemente? Non se agacha aquí una profunda islamofobia? (Ilham Moussaïd, candidata do Partido Anticapitalista francés polo departamento de Vaucluse).³

A prohibición do velo nalgúns centros de ensino non se pode enmascarar en cuestións protocolarias, porque, respecto das mulleres, non existen límites: é a prohibición dun signo identitario. E é a introdución no debate público dun tema que roza os dereitos constitucionais dalgunhas cidadás españolas: o de non seren discriminadas por razóns de relixión (Rosa Pereda).⁴

Pero tamén é certo que dentro do balbordo se mesturan cousas distintas; fálase en xeral de *velo*, pero as prendas coas que se cobren as mulleres islámicas son moi variadas e van desde aquela que a oculta por completo como o *burka* ata as que só cobren a cabeza como o *hiyab*. Tampouco é o mesmo que o leve unha muller adulta

por libre decisión a que se leve por mandato familiar ou por medo a ser atacada ou detida. E desde logo, non é o mesmo, nin ten o mesmo significado, levar unha gorra que levar o *hiyab*. Nin tampouco ten o mesmo simbolismo e significado que unha alumna musulmá vaia a clase con ve o ou que a clase estea presidida por un crucifixo.

A igualdade entre homes e mulleres non está rifada coa liberdade de expresión das ideas e os sentimentos. En todo caso, o que habería que defender por riba de crenzas e culturas son os dereitos individuais á educación e a levar unha vida digna. Por iso, se hai mulleres que afirman que poñen o velo por libre decisión, podemos estar de acordo ou non cos seus motivos e razóns, pero en principio deberíamos respectalas. Está claro tamén que pode haber circunstancias nas que estea contraindicado o uso do velo, desde a asistencia médica ata a práctica do deporte, pero establecer normas xerais só nos levaría a levantar novos muros de discriminación ante unha parte da poboación que por proceder maioritariamente doutras culturas é mirada, cando menos, con desconfianza polo resto da cidadanía. ■

¹ Celia Amorós, Pamplona, 1 de febreiro de 2010, AmecoPress.

² Amelia Valcárcel, Xixón, 21 de abril de 2010, Europa Press

³ Ilham Moussaïd, 21 de febreiro de 2010, *El País*.

⁴ Rosa Pereda, 28 de abril de 2010, *El País*.



denuncias e comentarios

Algunhas cifras da cultura galega

REAL ACADEMIA GALEGA: 1 presidente, 1 secretario, 1 vicesecretario, 1 tesoureiro, 1 arquiveiro/bibliotecario e 28 cadeiras.

En 33 postos, 4 mulleres: Rosario Álvarez Blanco, Olga Gallego Domínguez, Margarita Ledo Andión e Xohana Torres Fernández.

ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA: 1 presidente, 1 vicepresidenta, 1 secretaria, 1 tesoureira e 8 vogalías.

En 12 postos, 4 mulleres: Antía Otero, Mercedes Queixas Zas, Marta Dacosta e Elvira Riveiro.

CONSELLO DA CULTURA GALEGA: 1 presidente, 2 vicepresidentes, 1 secretario, 1 xerente, 1 membro nato, 14 membros electos, 1 presidente de honra, 7 membros por elección do pleno. En 28 postos, 5 mulleres: Rosario Álvarez Blanco, Helena Villar Janeiro, María Xosé Agra Romero, María Luísa Sobrino Manzanares, Concepción Varela Orol.

CONSELLO DE DIRECCIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: 1 reitor, 3 vicerreitoras, 5 vicerreitores, 1 vicerreitor adxunto, 2 vicerreitoras, 1 secretaria xeral, 1 xerente.

En 14 postos, 7 mulleres: M.^a José Alonso Fernández, M.^a Dolores Álvarez Pérez, Elvira Fidalgo Francisco, Marta I. Miranda Castañón, Begoña Barreiro Fernández, Isabel García-Rodeja Ganoso e Dulce M.^a García Mella. ■



A velocista Begoña Garrido (Ferrol, 1985) foi elixida mellor atleta galega feminina 2009.

Campioa de España 2007, subcampioa 2009. Quere clasificarse para os Campionatos de Europa que se van celebrar en Barcelona. ■

Marisela Escobedo Ortiz, nai de Rubí Marisol Frayre Escobedo, a menor asasinada en 2008, realizou unha marcha unha semana antes do xuízo contra o homicida da súa filla o 1 de maio de 2010. Tres xuíces do novo sistema de xustiza penal, por unha dúbida razoable, absolveiron nun xuízo oral a Sergio Rafael Barraza Bocanegra, homicida confeso da súa ex parella sentimental, de 16 anos de idade no momento da súa morte.



O gobernador do estado, José Reyes Baeza Terrazas, ordenou á titular da Procuraduría Xeral de Xustiza do Estado (PXJE), Patricia González Rodríguez, impugnar a sentenza nos termos previstos na lei, interpor un recurso de casación (ou reposición do proceso completo) contra a sentenza absolutoria do tribunal oral de Ciudad Juárez que favoreceu a Barraza Bocanegra. Así mesmo, que revise e valore se a actuación do Ministerio Público foi a correcta. Expresou a súa indignación contra a decisión do tribunal oral, que con argumentos de técnica xurídica exculpou a un homicida confeso. O xuízo estivo a cargo dos xuíces Catalina Ochoa Contreras, presidenta, Netzahualcóyotl Zúñiga Vázquez, redactor, e Rafael Boudid, terceiro integrante da sala. Activistas integrantes de organizacións non gubernamentais protestaron fronte á Subprocuraduría de Xustiza Zona Norte, en Ciudad Juárez, onde demandaron a revisión da sentenza de absolución outorgada ao presunto asasino de Rubí Marisol e esixiron que se investiguen os casos de 34 mulleres desaparecidas ou asasinadas nos tres anos últimos. Esixiron cumprimento da sentenza da Corte Interamericana de Dereitos Humanos contra o Estado mexicano no sentido de adecuar ou implementar un dispositivo de búsqueda de mulleres desaparecidas e a rendición dun informe anual. ■



Flor Alicia Gómez López

Homes tapados raptaron, violaron e asasinaron á profesora Flor Alicia Gómez López, orixinaria de Tomochi, Chihuahua, o 29 de novembro. A docente, de 23 anos de idade, era sobriña de Alma, Gabino, Eduardo e Ivonne Gómez, activistas polos dereitos das mulleres. ■

denuncias e comentarios

Reproducimos unha carta chegada a nosa redacción dunha empregada de Adolfo Domínguez

Son unha traballadora de Adolfo Domínguez, por temor a represalias non vou dicir o meu nome. Hoxe, o noso xefe –léase Adolfo Domínguez en persoa– decepcionounos enormemente. Decidí reunír a todos os traballadores das súas fábricas da cidade de Ourense para comunicarnos que desexa conxelarnos a parte do soldo que sobe todos os anos co IPC, é dicir, a subida do IPC. E isto é ilegal. Temos que ter en conta que a empresa non presenta perdas, polo contrario, obtén beneficios.

Pois como na primeira reunión non o puido conseguir (foi cos nosos sindicatos), fixo unha segunda, esta vez directamente con nós, as traballadoras. Non se mediou nada e chamounos PARVOS á cara e CURTOS (dito literalmente), xa que non entende que haxa xente que se negue a dar a súa parte

de salario para paliar a crise

E el que non para de abrir tendas que non dan ganancias! Si, insultounos á cara, díxonos que non somos o suficientemente intelixentes como para saber que recortarlle o salario a alguén en época de crise nos beneficiaría.

Ah! por certo, o meu soldo, e o da maioría, non supera os 700 euros. Xa sei que corren malos tempos, pero o que a ninguén lle entra na cabeza é que fale de

crise, de vacas fracas, e despois nos conte que comprou uns terreos (para quen coñeza a provincia de Ourense, están por detrás do Parque Tecnolóxico) pola friorenta cantidade de 6.000.000 euros. Eses terreos, foron expropiados a 800 persoas (o de expropiación escapóuselle, quixo dicir que foron comprados) pola Xunta de Galicia, para facer unhas instalacións increíbles e que van quedar moi ben. Si, claro, a costa de quen?, quen vai pagar eses terreos?, os empregados?, como se pode comprometer alguén a pagar semellante cantidade de diñeiro e logo ter a pouca vergoña de pedir aos seus empregados conxelación salarial? Síntoo, eu serei PARVA e CURTA, pero non me cadra o que nos di.

Ademais, señor Domínguez, esas non son maneiras. Non se pode coaccionar a un traballador que por lei non está obrigado a facer semellante esforzo, porque aínda que a vostede lle pareza «un pequeno esforzo», aos que temos un soldo mínimo non nos parece o mesmo. Quixo darnos consellos para aforrar, a nós, á clase obreira, que cada mes facemos *malabarismos* para chegar a fin de mes. Esa xente que ten que dar de comer aos seus fillos, pagar a hipoteca ou que simplemente loita cada mes contra esta maldita crise. Non señor, non son formas. Faltounos ao respecto. Segundo vostede, Sr. Adolfo Domínguez, a empresa, somos todos e non se nota. Cando hai beneficios nós non somos recompensados polo noso traballo. Non obstante, en épocas de crise... debemos

ser solidarios coa empresa!

O señor Domínguez tivo a ousadía, coa súa verborrea habitual, de indicarnos que se notábamos que algún compañeiro non traballaba ao 100 % e estaba «folgazaneando», que llo dixésemos aos nosos superiores. Nin que en vez de traballar para unha empresa téxtil estivésemos traballando para a Inquisición española!

Outra das súas lindezas: A xente que está no paro é porque non quere traballar.

Si, leron ben, isto foi o que

nos dixo. El que todo o que ten llo debe ao seu pai (que en paz descanse) incluído o seu nome e o da empresa (Adolfo Domínguez). Acaso alguén pensaba que esta empresa levantouna el soíño? Pois ben, concluíu a reunión dicindo que quen non estivese de acordo con el debería dar o seu nome ao xefe de departamento. Curiosamente non dixo para que debemos darllo. En fin, creo que a estas alturas da lectura, todo o mundo se terá dado conta das súas intencións. Visto o visto e por desgraza, os despedidos masivos están á volta da esquina. En fin, nesta empresa non hai unión e imaxino que a maioría baixará a cabeza (oxalá me equivoque, oxalá!) ante este impresentable empresario. ■



denuncias e comentarios



Primark

Cadea de roupa barata do Reino Unido, propiedade de Associated British Foods (138 tendas en RU e 38 en Irlanda) comercializou uns biquinis para nenas de 6 e 7 anos con recheo nos peitos. Biquini, por suposto, rosa, decorado con estrelas douradas, para que as rapaciñas luzan corpos de mentira e se vaian afacendo ao mundo que lles están ensinando os seus adultos.

Houbo certo follón e a cadea retirounos doando os beneficios, dixo, á caridade infantil.

Viron que ben se arranxou todo! Seguro que os responsables da factoría (deseño e promoción) do tal produto escandalízanse coa cuestión da pederastia, porén non lles crea ningún problema promover que as nenas se vistan –e sexan vestidas– de *lolitas* canto antes para erotizar a calquera persoa que pase por diante.

Poden fixarse tamén nesa foto de Suri



Cruise, de idade mínima, calzando tacóns e non de broma. Ela é a modelo máis nova do mundo. ■

Cristina Pato (Ourense, 1980) puxo no mercado recentemente o disco *Galician Connection* producido por ela mesma. Un disco heteroxéneo, dificilmente clasificable, porén coa calidade musical como denominador común. Intérprete de gaita e nos teclados ou ao piano. A autoría nas composicións está moi repartida: Vitor Prieto, Jean-Pierre Van Hees, Harol Arlen, Rosa Cedrón, Raquel Pato e a propia Cristina Pato. Dous temas seus *Caronte* e *Lamento*. Outros dous con Xan Padrón *Rubias envidias* e *Meniña gaiteira*, ambos casos musicando poemas de Rosalía Castro, e *Area e aire II* da banda sonora *O home de area*, coa irmá Raquel Pato. Por último, a fermosa *A pomba dourada* de Luis Emilio Batallán e poema de Cunqueiro.

Paga a pena o disco. Suman a unha intérprete de gran sentido musical e calidade técnica nos dous instrumentos que manexa (gaitas diversas, teclados e piano) unhas cantantes –Rosa Cedrón, Patrice Jegou, Laura Amado– de voces cálidas, ben traballadas e boas interpretacións. É unha música, Cristina Pato, de altura á que interesa seguirlle a pista, porque é gustoso escoitala e porque evoluciona de xeito moi interesante nas propostas que nos ofrece a respecto das sonoridades da gaita e desde logo nas músicas que crea. ■



A gobernadora de Arizona Jan Brewer, asinou o venres 23 de abril, a lei estatal de EE. UU. máis dura sobre e contra a inmigración ilegal. Criminaliza aos indocumentados e dá funcións migratorias á policía local que poden *comprobar* cando queiran e como queiran a calquera persoa, sobre todo *moreniña*, a súa situa-

ción, papeis e canto máis se lle ocorra. A lei discrimina directa e indirectamente ás persoas de orixe latina, aínda que a señora, que calificou a lei dun paso máis para protexer Arizona, diga que non é así.

Pretende conservar *o seu óso* agora que están as eleccións ás portas e lle saíron dous competidores republicanos igualmente racistas.

Porén, poñerse en fronte dos latinos en Arizona é asunto maior, pois supoñen o 30 % da poboación deste estado e xa ten comezado un éxodo masivo de hispanos, sinaladamente mexicanos, a outros estados onde poidan vivir en maior liberdade e con menos temores.

«O 1º de maio centos de miles de inmigrantes e xente que os apoian inundaron as rúas dunhas oitenta cidades estadounidenses celebrando a resistencia, en demanda dunha vida digna, libre de temor e en repudio da Lei SB 1070 de Arizona, en actos que seguramente houberan provocado o sorriso dos mártires de Chicago ao ver que quen chegaron de diversos puntos do mundo están rescatando o que se deixou de festexar aquí desde tempos do macartismo: o Día dos Traballadores.

Unha das coalicións nacionais calculou que máis de medio millón de persoas marcharon en máis de trinta estados. O chamamento por un boicot contra Arizona repetiuse en case todas as manifestacións».

En acentos polifónicos, en decenas de idiomas, pero iso si, co español como lingua predominante, creouse un só coro en demanda dunha reforma migratoria integral, o cese de redadas e deportacións, o repudio aos crimes de odio e a condena á lei Arizona.

«Todos somos Arizona» e «Obama, escucha, estamos en la lucha».

Logrouse un milagre para moitos: os inmigrantes resucitaron o primeiro de maio no país onde naceu este Día Internacional do Traballo. Naceu de inmigrantes, e renace con eles.

(Arturo Cano e David Brooks)

<http://www.jornada.unam.mx/2010/05/02/index.php?section=politica&article=002n1pol> ■





A Secretaría das mulleres do Sindicato Labrego Galego celebrou do 5 ao 7 de marzo o seu VII Encontro Anual da Secretaría, facéndoo coincidir co centenario da celebración do 8 de marzo, Día das Mulleres. Preto de 200 mulleres chegadas de toda Galicia xuntáronse en Ribadeo.

Abordaron a situación das mulleres nas explotacións, como coidadoras do territorio e preservadoras das sementes, e a carencia de servizos no rural. Constataron máis unha vez que «a discriminación das labregas nas cotizacións á Seguridade Social inspírase na falta de valoración do noso traballo». ■



Begoña Fernández

(Vigo, 1980), xogadora galega de balonmán é unha crac. A IHF incluíuna no *sete ideal* do mundial celebrado en China a finais do 2009.

Está considerada unha das mellores pivotes españolas. Mide 1,82 m; é moi rápida e moi hábil en labores ofensivos. ■

Ah, a banca vaticana! Seguro que se acordarán do Banco Ambrosiano de Roberto Calvi e Paul Marcinkus e os seus escándalos. Agora, o seu substituto: Instituto para as Obras de Relixión, IOR (poden reparar no estraño nome para un banco).

A Fiscalía italiana anda investigando as relacións entre o instituto e dez bancos italianos que intercambian cada día centenas de millóns de euros. Como len! O IOR, unha pantalla para esconder os cartos de clientes residentes fiscais en Italia e non posibles usuarios do banco vaticano.

Sospéitase do uso de nomes falsos para abrir contas nunha entidade reservada ás nunciaturas apostólicas, as congregacións relixiosas e ao persoal dependente da Santa Sé. Entre os titulares de contas sábese xa que figuran personaxes como Giulio Andreotti e outros con nomes de santos e beatos.

Estas prácticas infrinxen –segundo a lexislación italiana– as obrigas dos intermediarios financeiros de identificar a quen fai unha transacción, a obriga de rexistrar estes datos nun arquivo único e informatizado e comunicar as operacións sospeitosas.

Os fiscais non poden intervir no banco vaticano, entidade estranxeira a todos os efectos, porén non se descarta unha rogatoria internacional, porque hai indicios bastantes de que lavou uns 180 millóns de euros, cartos negros de clientes italianos.

Xa saben, a banca vaticana! ■

Gañadoras do Premio Xerais de Novela e Merlín de Literatura Infantil



Iolanda Zúñiga –novela– e Teresa González Costa –literatura infantil–, gañadoras do Premio Xerais de

Novela e Merlín de Literatura Infantil polas obras *Periferia* e *A filla do ladrón de bicicletas*, respectivamente. Iolanda Zúñiga foi galardoada na XXVII edición do Premio Xerais de Novela, dotado con 25.000 euros; mentres.

Teresa González Costa recibiu os 10.000 euros da XXV edición do Premio Merlín de Literatura Infantil. Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975) é mestra de educación musical.

Teresa González (O Grove, 1975) é licenciada en Filoloxía inglesa e italiana e estudos de Teoría da literatura e Literatura comparada. Parabéns! ■

denuncias e comentarios

Declaración LABREGA de Cáceres, 29 de abril do 2010

NOSOUTRAS, labregas chegadas de diferentes países de Europa, reunidas en Cáceres durante o seminario europeo «Labregas polos nosos dereitos» durante os días 27, 28 e 29 de abril, cansas da invisibilización á que frecuentemente nos someten as propias administracións a través, entre outras, das políticas agrarias e de desenvolvemento rural, e logo de comprobarmos que durante o foro oficial organizado pola Presidencia Española da Unión Europea –celebrado tamén estes mesmos días en Cáceres– que todo o mundo falou de nós sen darnos voz, queremos lembrar ás administracións públicas QUE AS LABREGAS ESTAMOS AQUÍ, e que como labregas desempeñamos un papel clave na produción de alimentos na Europa e tamén no desenvolvemento e na vida dos nosos pobos.

Estamos fartas da invisibilización á que nos someten as actuais políticas agrarias, que consideran ás mulleres que desenvolvemos a nosa actividade nas explotacións agrarias familiares coma outra *propiedade* do titular da explotación, negándonos así os nosos dereitos a ter ingresos propios e á titularidade da explotación, aínda cando co noso traballo contribuímos a xeralos e a mantelos na mesma medida que os nosos compañeiros. Non estamos dispostas a seguir aguantando a exclusión de miles de campesiñas da Seguridade Social, xa sexa por razóns económicas –tamaño da explotación–, culturais ou burocráticas.

Enfrontándonos a esta situación, e diante do debate que nestes momentos está a iniciarse sobre a reforma da Política Agraria Común (PAC 2013), reclamamos da Presidencia Española da Unión Europea e das institucións comunitarias:

1. Que se recoñeza a **titularidade compartida ao 50 % dende a PAC**, desenvolvendo un estatuto xurídico que garanta ás labregas tanto os ingresos económicos como todos os demais dereitos que leva a titularidade da explotación.
2. **Eliminar a esixencia dun mínimo**, tanto de superficie produtiva como de ingresos, para o acceso á actividade agraria, xa que este condicionante discrimina ás pequenas explotacións, sendo estas as que están fundamentalmente en mans das mulleres.
3. Que a formación agraria transmitida, tanto nas escolas agrícolas como noutros ámbitos, **incorpore a igualdade de xénero como materia a impartir**, contando con persoas formadas neste ámbito para realizaren o seu labor docente.
4. A aplicación de **medidas de acción positiva até conseguir a plena igualdade das mulleres**.
5. A garantía, por lei, da participación das mulleres campesiñas na toma de decisións, facendo **obligatorio o cumprimento das leis de paridade por parte das organizacións agrarias**.
6. O compromiso explícito, por parte das institucións europeas, de que **non haberá impactos negativos para as campesiñas na elaboración dos orzamentos para a PAC**.
7. Que as **políticas de igualdade sexan transversais**, para que a igualdade sexa un punto clave a considerar no momento de definir a PAC e o desenvolvemento rural.

NOSOUTRAS TRABALLAMOS, NOSOUTRAS PRODUCIMOS, NOSOUTRAS DECIDIMOS. ■



Vídeo *Cultura contra la impunidad*

Cineastas, actores, músicos e escritores métese na pel de 15 asasinados polo franquismo.

Pedro Almodóvar, Maribel Verdú, Javier Bardem, Almudena Grandes, Juan Diego Botto, María Galiana, Carmen Machi, Juan José Millás, Aitana Sánchez-Gijón, Paco León, Pilar Bardem, José Manuel Seda, Hugo Silva, Miguel Ríos e Juan Diego dan voz a quince vítimas do franquismo. Vídeo de libre difusión. Pásao!

Todas as persoas participantes traballaron gratis. Rodou Azucena Rodríguez.

113 vítimas do franquismo seguen agardando nas cunetas.

<http://www.youtube.com/watch?v=Xf8oZKEejD8> ■

denuncias e comentarios



La vida empieza hoy

En ton de comedia fresca, divertida, Laura Mañá nos leva até problemas escasamente falados, o sexo nas e das persoas maiores.

Sinopse

Un grupo de xente da terceira idade vai a unhas clases de sexo nas que lles lembran que o seu corpo aínda está vivo. Alí aprenden uns dos outros, falan das súas vivencias... Olga, a profesora, dilles, «Sexo é vida, porque o sexo ten que ver coas sensacións, e mentres

temos vida non deixamos de sentir», e axúdalles a facer fronte aos problemas que trae a idade. Para o que lle pon deberes: mirarse no espello, dedicar 20 minutos ao pracer...

Ficha

Dirección: Laura Mañá

Producción: Ovideo, TVE (participación), Televisió de Catalunya (colaboración)

Guión: Alicia Luna, Laura Mañá

Fotografía: Mario Montero

Música: Xavier Capellas

Montaxe: Lucas Nolla

Formato e duración: 35 mm, color, 90 m

Ano: 2009

Intérpretes: Pilar Bardem, Rosa María Sardá, Mariana Cordero, Luis Marco, Sonsoles Benedicto, Osvaldo Santoro, María Barranco, Eduardo Blanco

Laura Mañá

Barcelona, 1968. Directora, actriz e guionista.

La vida empieza hoy é a súa sexta película. Filmografía: *Paraules* (curtametraxe) (1996), *Sexo por compasión* (2000), *Palabras encadenadas* (2002), *Morir en San Hilario* (2004), *Ni Dios, ni patrón ni marido* (2007). ■

«Zorra, guarra, cerda...» e sobre todo zorra, así cualificaba Eduardo García Serrano á conselleira de Sanidade do goberno catalán, Marina Geli, por promover a educación sexual entre pequenos.

Para este individuo, que así se expresou nun programa público de televisión –grupo Intereconomía–, a educación sexual non debe ser. Con repetir que as mulleres que falan de sexo, coñecen o sexo ou practican sexo son «guarras e zorras», abonda.

Como pode ser que un medio de comunicación ampare semellante comportamento maleducado, desvergonzado, machista e irrespectuoso? ■

Por que os xornais e outros medios deben eliminar os anuncios de contactos e non todas as outras mercadorías que publicitan en cuxa fabricación se espolia a homes, mulleres e nen@s en todo lugar do planeta?

Pensan acaso que a maioría da fabricación do que vostedes consumen –tantas veces sen necesidade algunha– non está *pringada* de espolio humano, sangue incluída? É acaso o espolio do sexo máis terrible que o do sangue? Poden darse unha volta polas actividades de REPSOL e Telefónica en América centro e sur para empezar. Queren saber do coltan necesario para os móbiles, ordenadores portátiles, GPS, MP3, MP4, videoconsolas, televisores de plasma, PDA, satélites, armas teledirixidas e como o arrapiñan por África, sinaladamente na República Democrática do Congo? Teñen idea de cantos mortos hai atrás deste mineral?

Por que non procurar información da man de obra dos países orientais que fabrican de todo, DE TODO, para que os acomodados occidentais vivan máis comodamente?

Por que logo tanta xente –montonazo de feministas incluídas– a teñen tomada co sexo? Só co sexo? Exclusivamente co sexo?

Que lles pasa co SEXO??? ■

Moito peito e pouca celulite

Con mucho pecho y poca celulitis.

¡Atención, el chollazo del siglo! Por ser estudiante de una universidad pública, la UPV (Universidad del País Vasco), ¡tengo descuento en una conocida clínica estética para hacerme un aumento de pecho o una lipoescultura! Sí, leen bien; con la que está cayendo, la UPV se dedica a hacer acuerdos con esta clínica para que el alumnado, el personal administrativo y el profesorado tenga descuentos para hacerse virguerías varias, todas estéticas, decorativas. Y, además, ni cortos ni perezosos, y para que nos enteremos todos de la buena nueva, lo anuncian en *Campus*, revista publicada por el órgano oficial de la UPV. Y digo yo, con la cantidad de recién titulados en paro que hay, ¿no sería más 'estético' (y desde luego más ético) enfocar los esfuerzos hacia nuevos acuerdos con empresas que oferten más plazas de prácticas y más ayudas para que los recién titulados encuentren trabajo? ¡Ah, no! Lo importante es que la universidad aporte al mercado licenciados con mucho pecho y poca celulitis. PAULA JAUREGUI-BETIA VILLALABEITIA. BILBAO

[Recorte de prensa]



Nais adolescentes

O CSIC presentou en maio un estudo feito entre 9700 mulleres de 15 anos ou máis das nadas entre 1981-1985 dirixido pola socióloga Margarita Delgado. As nais adolescentes teñen menor nivel de estudos, menores taxas de actividade e empregos menos estables, porque o embarazo e a maternidade cámbialles a vida e colócaas nunha situación social, emocional e laboral máis vulnerable.

Ten habido cambios respecto das mulleres nadas entre 1951-1955, na idade de inicio da sexualidade. Daquelas, a idade media eran os 21 anos e medio. As de 1981-1985, aos 18 anos. Menos dunha cuarta parte das mulleres españolas nadas antes de 1951 tiveran a súa primeira relación sexual ao chegar aos 20 anos. Non obstante, para as nadas entre 1976 e 1980 a porcentaxe ascende ao 73 % e medra ao 86 % no caso das que naceron entre 1981-1985. Loxicamente o uso de anticonceptivos é importante no estudo. Conclusión: *Non usar un anticonceptivo eficaz na primeira relación sexual multiplica ata por 6 o risco de embarazo adolescente.*

A paulatina redución da idade de inicio da actividade sexual veu acompañada dun descenso progresivo da idade á que as mulleres comezan a usar anticonceptivos. As nadas entre 1951-1955 utilizaban o seu primeiro anticonceptivo pasados os 25 (e mantiñan a súa primeira relación sexual aos 21,5), as cohortes de vinte anos máis tarde (1971-1975) comezan a usar anticonceptivos aos 19,6 anos, e inician a súa actividade sexual aos 18,9.

Persiste un desfase entre o inicio da actividade sexual e a anticoncepción, aínda que o lapso temporal é cada vez máis reducido: 3,8 anos de diferenza no caso das mulleres que tiñan no momento da entrevista entre 50 e 54 anos e 0,7 anos no caso das que tiñan entre 30 e 34. Unha das insistencias de Margarita Delgado é que temos mellorado, aínda que lentamente, e que queda moito por facer en cuestión de prevención.

Importa que nais e pais llo digan ás súas fillas, que se trate nos medios de comunicación, nos centros educativos e nos centros de saúde. Todas esas organizacións tan furibundas contra o aborto, deberían aplicarse ao traballo de prevención e información anticonceptiva entre a mocidade hetero.

O que está en xogo é serio.

Para máis información:

http://www.csic.es/web/guest/home?p_p_id=contentviewerservice_WAR_alfresco_packportlet&p_p_lifecycle=1&p_p_state=maximized&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1-1&p_p_col_count=1&_contentviewerservice_WAR_alfresco_packportlet_struts_action=%2Fcontentviewer%2Fview&_contentviewerservice_WAR_alfresco_packportlet_nodeRef=workspace%3A%2F%2FSpacesStore%2F44fc618c-d584-4f88-814b-8e9c7d614d95&_contentviewerservice_WAR_alfresco_packportlet_title=Portada ■

Instantáneas das **mulleres** en movemento

ZÉLIA GARCIA

Comeza neste número de *Andaina*, unha nova sección fotográfica de pequenas historias e imaxes de mulleres que nestes tempos se atreven a rebelarse, a xuntarse con outras para defender o seu, e sobre todo, visibilizamos así, ao noso xeito, estas revolucións cotiás que moitas de nós vivemos, desde os postos de traballo, desde os bairros, para defender o noso territorio, e como non, desde os feminismos. Cando as mulleres nos atrevemos a coller o altofalante ou a pancarta dos nosos desexos, xa non hai quen nos pare, aínda que moitos quixeran ternos tranquilíñas na casa.





Loita das mulleres do téxtil en Selmark, 1 de decembro de 2006

«O salario é nada, nin 600 euros. Eles fan contratos de formación cando non hai ningún tipo de formación e asínanse este tipo de contratos. E todo isto tamén se fai para cobrar as subvencións, aproveitándose tamén de contrataren a mulleres para explotalas do mesmo xeito. Despiden a compañeiras, a situación de tensión que vivimos é terrible», sinalaba daquelas unha traballadora. Aínda así, convocaron folga, sacaron os teteiros e máis lencería, que eran as prendas que cosían, á rúa, e denunciaban que mentres pagaban a *top-models* para promocionar as súas prendas, elas malvivían mes a mes.



Unha folga de 58 días das traballadoras da limpeza do Concello de Compostela, 15 de febreiro de 2007

Trinta mulleres empregadas na contrata ISS Facility Services comezaron unha folga de carácter indefinido o 29 de xaneiro. Demandaban a equiparación laboral co resto do persoal do concello. A loita levada a cabo polas traballadoras da Limpeza do Concello de Compostela, que logo de 58 días de folga foron quen de rematar coa discriminación que tanto a nivel económico como en dereitos laborais viñan padecendo dende había anos, foi moi especial, tanto pola constancia nas súas mobilizacións, porque a maioría eran mulleres maiores con responsabilidades na casa, así como pola súa *música*: bidóns e bombos que sempre portaban, ou pola súa valentía e forza nunha longa loita de case dous meses.

Monumento ao traballo, 8 de marzo de 2008

Un grupo de paneis rodeaba o Monumento ao Traballo situado na rúa Gran Vía de Vigo, no que aparecen uns fortes homes tirando dunhas redes. Nestes cartelóns aparecen mulleres redeiras, conserveiras, mariscadoras, traballadoras na lonxa, para valorizar a importante presenza das mulleres como traballadoras no mar; e así criticar esta construción artística e simbólica que baixo o nome de Monumento ao Traballo exclúe e invisibiliza ás mulleres.




1. Folga de Selmark, segundo día 29
Foto: Zélia García

2. Folga traballadoras da limpeza de Compostela. Foto: Zélia García

3. 8 de marzo
Foto: Zélia García

4. Peche do Hospital da Cruz Vermella
Foto: Zélia García

5. Non vimos peregrinar
Foto: Rute Cortiço



Cando as mulleres nos atrevemos a coller o altofalante ou a pancarta dos nosos desexos, xa non hai quen nos pare...

Peche do Hospital da Cruz Vermella febreiro – marzo, 2010

Os intereses partidistas da ONG Cruz Vermella e do SERGAS, pecharon un hospital de case sesenta anos de historia e emblema na cidade de Vigo. Un hospital que lle daba unha cobertura social esencial a esta comarca para a atención a pacientes sen recursos e de longa estancia debido ás especiais circunstancias da súa enfermidade. Foron moitas as mobilizacións, peches, e recollidas de sinaturas, mais non conseguiron evitar un peche que afectou 70 traballadoras, moitas delas maiores e con máis de trinta anos de servizo no hospital e cunhas idades de complexa reinsertión laboral.

Contracamiño: Non vimos peregrinar, imos apostatar

Baixo o lema «Non vimos peregrinar, imos apostatar», entre trinta e cincuenta mulleres xuntáronse na primeira fin de semana de xuño para realizar a última etapa do camiño con decenas de pancartas contrarias ás políticas que defende a Igrexa católica. «Este ano ao coincidir co Xacobeo reivindicamos o laicismo e queremos denunciar todo o peso da Igrexa na represión de xénero das mulleres; queríamos apostatar e renegar desta actitude lesiva», sinalaba nos medios unha das organizadoras. As reivindicacións pacíficas non parecen ser do gusto de todos, xa que o día do contracamiño, «aos cinco minutos», xa as seguía «un coche de policía». A pesar deste inconveniente a Rede Feminista ten previstas novas actividades para promover o laicismo ata final de ano. ■

Manifestación Estatal

ORGULLO 2010

Lesbianas, Gays, Transexuales y Bisexuales

Madrid, 3 de julio
Plta. de Alcalá.
18.00 h.



por la
igualdad
trans

Infórmate en: www.orgulloigtb.org



COLABORA
AEGAL

Mani*Festa*Acçon na Queeruña, polo 28 de xuño de 2010

Baixo o lema «Melhor descontroladas que institucionalizadas» marchou a Mani*Festa*Acçon da Queeruña o sábado 26 de xuño.

Máis información na páxina de Maribolheras Precarias:
<http://maribolheras.com/>

Manifestación estatal

Un millón estimado de persoas e 35 carrozas manifestáronse en Madrid o día 3 de xullo no Orgullo LGTB tras o lema «Pola Igualdade Trans».

O lema englóbase dentro do que as 56 asociacións da FELGTB decidiron que sería o leit motiv do ano 2010: os dereitos das persoas transexuais. Con este motivo estanse convertendo estes doce meses no «Ano para Trans-formar», unha oportunidade para formar sobre a realidade trans e cambiar a idea que sobre esta se ten.

A segunda pancarta volvía a repetir a esixencia dos colectivos LGTB ao PP para que retire o recurso de inconstitucionalidade á reforma de lei que permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

A continuación, e seguindo a aposta da federación pola visibilidade das persoas seropositivas, viña unha pancarta co slogan «VIHsibilidade=vida» ■

26 JUNHO QUEERUNHA 2010

Participamos:

- *ACSUR Galiza
- *AGASEX
- *AII
- *AAVV Atochas- Montealto
- *As Duas
- *Café feministas
- *Calidoskopio
- *Casa das Atochas
- *Colocheiro Mourocho
- *CS Abreu
- *Crusling GZ Project
- *Festival ferreiroiro
- *FugaEmRede
- *Fundación Artábria
- *GASVigo
- *Marcha Mundial das Mulleres
- *Maribolheras Precarias
- *Mulleres Transgredindo
- *Homopissofregao
- *Oblivione
- *O Queiroso das Cóns
- *O Teatro Resoante
- *pr!S O.S. Galiza
- *Privacidade Derriba
- *RDS
- *Rede Feminista Galega
- *Seminario de Generando
- *Unión Lesbiana
- *Universidade Invisibil
- *Transgredindo
- *Transgredindo
- *Zocamiranda

Saída do campo de marxe as 20 h.
MANI*FESTA*ACCOM
DIA DA LIBERTADE TRANS* MARICA* BOLHO

MELHOR DESCONTROLADAS
QUE INSTITUCIONALIZADAS

DURANTE TODA A NOITE
NO CAMPO DE MARTE
actuaçons ***
e sorpresas



Fotografías do Día do Orgullo na Coruña
Abaixo: Pregón en Madrid





Orgullo 2010



Aquelarre e homenaxe ás bruxas no Casco Vello de Vigo

ORGANIZADO POLA ASEMBLEA
DE MULLERES DESTA COMARCA

O 13 de marzo a Asemblea de Mulleres de Vigo, composta por mozas e non tan mozas dos distintos centros sociais desta comarca, colocaron unha placa na praza do Berbés en homenaxe a todas «as bruxas asasinadas». Esta era outra das actividades que no pasado 8 de marzo desenvolverían, máis alá de proxeccións e debates.

Este acto foi acompañado da lectura dun pequeno texto que comezaba manifestando que:



Bruxas, loucas e dexeneradas reunímonos hoxe para lembrar as nosas esquecidas e asinadas compañeiras: as bruxas.

Chámome María Soliña ou María Rodríguez ou Luzia Fidalgo ou Ana de Castro ou... tantas outras acusadas de bruxas, ultraxadas por iso, queimadas, violadas, esquecidas, expulsadas da sociedade... e por que? Por traidoras ao seu rol de xénero, ao que se esperaba delas, por non ficar caladas, por intervir, por actuar.

Algunhas ultraxaron á Igrexa non querendo ser escravas, non querendo ser boas esposas, querendo amar a quen e como quixeren.

A ultraxe á igrexa doutras foi o coñecemento e a aplicación de saberes. Ousaron ser científicas, ou médicas, ousaron practicar abortos.

Chamáronas bruxas para expulsalas da sociedade, mais como se expulsa ás mulleres: entre silencios e escurantismos, deslexitimándoas ao chamalas loucas, malas, históricas.

Hoxe queremos recuperar a memoria e homenaxear a tantas mulleres que cometeron o delito de non querer axustarse ao que se espera dunha muller, porque foron as primeiras guerrilleiras e loitadoras!

Declarámonos nós bruxas tamén.

Somos bruxas porque dicimos que non, porque non acreditamos que o noso destino sexa a maternidade, porque non nos conformamos, porque non temos medo, porque non somos culpábeis, porque non aceptamos as vosas leis inculpatórias, porque non cremos no sistema capitalista, porque non queremos ser o estereotipo de muller no que se nos educa, por que amamos libremente a quen queremos, porque decidimos a nosa sexualidade, porque responderemos sempre as agresións machistas... Por todo isto e moito máis somos bruxas, somos mulleres, somos liberación!

A todas as mulleres acusadas de bruxas. Porque non quixeron ser escravas.

Sermos bruxas na actualidade

Así, despois desta acción, entre vinte e trinta mozas vestidas de lila polas rúas do casco vello de Vigo, achegábanse até outra das prazas, desta volta na da Pedra, onde nunha pota, e coa axuda do lume, fixeron vivo o seu propio feitizo, que reproducimos a continuación.

Estamos reunidas aquí para afirmar a sublevación e iniciar a nosa liberdade do profano estado da opresión patriarcal.

Invocamos a todas as nosas irmás bruxas, as primeiras guerrilleiras e loitadoras da resistencia a través de todos os tempos.

Prometemos amar, querer e gozar das demais e de todas as cousas vivas.

Prometemos derrotar a unidade familiar radioactiva. Prometemos loitar e non obedecer. Prometemos isto con berros e situacións incómodas, mais tamén afirmamos que o posuír é irrelevante para o amor.

No nome da Revolución, declarámonos Seres Libres!!

Reivindicamos a sabedoría e a maldade feminina, a fealdade, a raridade, a extravagancia, a hipertrofia e a multiformidade

Reivindicamos as mulleres barbudas, as luxas, as fedorentas e *hediondas*, a *femme fatale* de paso firme, as camioneiras de pelo en peito.

Reivindicamos os pelos do sobaco e as conas depiladas.

Reivindicamos o noso dereito a queimalo todo, a crialo todo, a ser as mulleres que nos dea a gana, a ser o que nos dea a gana, a inventarnos e reinventarnos unha e outra vez.

Reivindicamos o noso dereito a non sentir medo, a provocar medo, a subverter, transgredir, desordenar, desbaratar.

Reivindicamos o noso dereito a desobedecer.

Reivindicamos o noso dereito a equivocarnos, a garabatear o noso desexo como e as veces que nos dea a gana, a penetrarnos as orellas, a dildearnos o embigo, a manipular os nosos corpos, a masturbarnos até o infinito.

Reivindicamos ser antipáticas, ser amorosas, ser duras, ser brandas, firmes, suaves e escorregadizas.

Porque a bruxaría é rebelión,

porque a bruxaría é poder,

porque a bruxaría é a nosa historia.

Porque bruxas somos todas! ■

Algunhas reflexións sobre

o papel da muller na crenza no mal de ollo

MILAGROS TORRADO CESPÓN

A crenza no mal de ollo adquiriu agora no século XXI unha tintura diferente á que tiña no século pasado, pero aínda así non podemos considerar que estea desaparecendo da nosa maneira de afrontar certos problemas. En ocasións, a opinión dun médico semella ser tan só un complemento a un remedio contra un mal que xa nos diagnosticara unha persoa que sabe cousas que non acaban de entender os profesionais da saúde. É máis frecuente do que pensamos ou do que queremos crer que a

xente opte por acudir a esa muller que *saca o aire* antes ou despois de ir ao médico, porque, ao fin e ao cabo, unha cousa non quita á outra. Aqueles que desbotan a crenza no mal de ollo como algo da xente atrasada que nunca saíu da aldea terían que darse conta de que esta xente é a que encerra o saber máis puro, a que deixa que a globalización entre con restricións para impedir que asasine os coñecementos ancestrais que son tan parte de nós como o mesmo idioma. Afortunadamente, a crenza



Os casos galego e británico

no mal de ollo ou aire ou sexa cal sexa o nome que se lle dea dentro da rica extensión do noso léxico semella non querer desaparecer. Aínda así, a saúde da que goza esta tradición de antigüidade tal que a mesma memoria colectiva a ten esquecida non é tan boa como debería ser. Non se trata agora de buscar culpables, senón de atopar a maneira de conservar o que temos.

Un dos grandes problemas que ten a crenza no mal de ollo para a súa boa transmisión é a falta de evidencias escritas sobre o tema. Aínda que si temos o traballo de grandes estudiosos galegos que se preocuparon de preservar as nosas tradicións na escrita (por exemplo, a magnífica obra de Lis Quibén), temos que seguir o seu exemplo para poder seguir presumindo das nosas tradicións. Outro dos tropezos cos que nos podemos atopar é o silencio. Os que consideran o mal de ollo como algo real e actual non tenden a falar ledamente do tema. Quizais por respecto ou quizais por esa maneira de ser nosa que non gusta de dar demasiado detalles das nosas vidas.

Pero unha vez nos introducimos no mundo do mal de ollo, atopamos un cosmos de tradicións mesturadas sobre as que poderíamos encher follas e follas para chegar, se cadra, a ningunha conclusión que nos convenza. Dentro deste ámbito misterioso aparece o papel esencial da muller. Tanto entre os culpables coma entre os responsables da curación, a muller ou o feminino xoga un papel fundamental. Esta característica non é só propia de Galiza, senón que a atopamos coa mesma intensidade noutros lugares nos que a crenza no mal de ollo está arraigada. Imos ver aquí o noso caso e o das illas británicas.

Falemos primeiro de quén se ve afectado polo mal de ollo. O maior temor dunha nai é ver aos seus fillos afectados por unha envexa. Unha maneira de inflixirlle unha mala ollada a un meniño é loándoo desmesuradamente diante da súa nai. Estas loas, cando veñen dun ser envexoso, agochan entre liñas os

peores desexos. Tanto en Galiza como nas illas británicas a mellor forma de librarse dun mal desexo é invocando a Deus. Desta maneira, tanto por parte da nai da criatura como por parte da persoa que loa é frecuente oír *Deus o/a bendiga* ou, para os nosos veciños das illas, *God bless him/her*. Casualmente, quen loa con falsidade é, na maioría das ocasións, outra muller. As explicacións que lle podemos atopar a isto son sinxelas. Podemos velo como unha maneira de protexer en exceso aos seus propios fillos. É dicir, se na xungla sobreviven os máis fortes podemos facilitarlle o camiño á nosa descendencia se *eliminamos* a competencia. Como é lóxico, isto non o facemos dun modo consciente. Tanto a envexa como a ansia de destrución de aquel que pode poñer en perigo o noso éxito é algo que, máis ou menos, aprendemos a non manifestar abertamente diante dos nosos semellantes. Seica Freud lle chamou a isto represión. Outros chamáronlle *saber estar*.



Outro método de protección moi popular entre nós é a figa. Esta figura era tamén coñecida en Inglaterra onde se recolleu a práctica de poñer o dedo gordo entre o furabolos e o corazón para contrarrestar a influencia de bruxas especialmente malévolas e poderosas

Outros seres que se ven a miúdo afectados polo mal de ollo son as vacas. Estes animais supoñen para os seus posuidores unha forma de ter sustento diario: o leite. Para Allan Dundes (Dundes, A., 1992) o leite (tanto se ven dun animal como dunha muller) é un símbolo da vida, neste caso en forma de alimento. Polo tanto a protección das vacas é dobremente importante. A forma máis común de protexer as nosas vacas e as vacas británicas é tendo unha ferradura na corte, aínda que tamén é frecuente velas nas casas para protexer aos seus habitantes. No Londres do século XVII era común oír «may the horseshoe never be pulled from your threshold»¹ (Thompson, C.J.S., 1995, 142) para desexarlle boa sorte a unha persoa. Este elemento de protección non se usa

¹ Que a ferradura nunca sexa retirada do limiar da túa porta.



A lúa, á súa vez, é considerada unha deidade feminina que protexe contra as influencias do mal de ollo [...] aplicándoselle a mesma similitude ás ferraduras. Tamén nos tempos dos anglosaxóns as ferraduras empregábanse como un emblema de fecundidade

por casualidade. De feito, o seu simbolismo é máis complexo do que parece a simple vista. Aquí imos falar da súa interpretación feminina. En primeiro lugar, pola súa forma é fácil de relacionar coa lúa en fase crecente. A lúa, á súa vez, é considerada unha deidade feminina que protexe contra as influencias do mal de ollo (Thompson, C.J.S., 1995, 142). Cabe tamén a posibilidade de interpretar a súa forma como unha representación dos xenitais femininos,

xa que na Idade Media usábase esta forma para representalos (Knight, R. P & Wright, T., 1894, 139), aplicándoselle a mesma similitude ás ferraduras. Tamén nos tempos dos anglosaxóns as ferraduras empregábanse como un emblema de fecundidade (Rosswell, P., 1912, 22). Outro método de protección moi popular entre nós é a figa. Esta figura era tamén coñecida en Inglaterra onde se recolleu a práctica de poñer o dedo gordo entre o furabolos e o corazón

para contrarrestar a influencia de bruxas especialmente malévolas e poderosas (Thompson, C.J.S., 1995, 72). A figa, ao igual que a ferradura tamén representa o órgano sexual feminino. Como vemos, a representación dos xenitais semella ser moi poderosa para combater o mal de ollo. Un caso máis evidente son as coñecidas como Sheela-na-gig, figuras de muller que mostran o seu sexo de maneira impúdica e que se sitúan, polo xeral, na entrada de edificios para evitar que os posuidores do mal de ollo poidan exercer o seu poder sobre eles e sobre os que se atopan no seu interior. Estas figuras podemos atopalas tanto nas illas británicas como en Galiza. Na nosa terra, merece atención a estudada polo catedrático Fernando Alonso Romero en Pena Furada (Alonso Romero, F., 2004).

As mulleres son tradicionalmente consideradas principais sospeitosas cando alguén se ve afectado por un mal desexo. No século XVII, dúas mulleres que se pensaban posuidoras do poder do mal de ollo foron executadas por matar co seu poder ao conde e condesa de Rutland e aos seus dous fillos (Daniels, C.L. e C.M., 2003, 1267). Pero, por que esa sospeita recaía sobre as mulleres? As mulleres relacionábanse co mundo da bruxería. Aínda que a existencia de bruxos non é un feito insólito, a tradición acostumounos a velos como magos poderosos que non buscaban o mal para o ser humano. En cambio, unha bruxa era un ser malvado, de aspecto desagradable e que posuía, sen ningún tipo de dúbida, o poder do mal de ollo, porque envexaba a todo aquel que cruzaba o seu camiño. Como consecuencia, o que serve para contraatacar o mal de ollo serve tamén contra o poder das bruxas e viceversa. Isto queda exemplificado en ditos como o recollido en Vilardoa (Val do Dubra), onde, para evitar que o mal de ollo caia sobre un cultivo recítase:


Bruxas e meigas ás silveiras
E pan bendito ás nosas leiras
(TORRADO CESPÓN, M. 2009, 77).

Nas illas británicas ocorre o mesmo. Por exemplo, en inglés o verbo *bewitch* (embruxar, que inclúe a palabra *witch*, bruxa) úsase indistintamente para falar da acción do mal de ollo e para a acción dunha bruxa.

cións, entre elas, a o mal de ollo. En Galiza, as mulleres que posúen este poder vense aínda hoxe en día moi solicitadas, de maneira que, aínda que non se faga publicidade delas en ningún medio, hai algunhas que teñen lista de

ou librarse do mal de ollo, rezos como o *Ave María* ou invocacións a ela, son moi comúns e están case con seguridade ocupando o lugar doutras divindades anteriores. O mesmo pasa nas illas británicas, onde, ademais, da Virxe María, é moi frecuente atopar a santa Bríxida, que non é máis que a cristianización da celta Brigit, deusa do lume, da fecundidade e tamén das curacións.

Queda claro que a muller xoga un papel esencial en todo o relacionado co mal de ollo, tanto para ben como para mal. Parece que o poder que emanamos é moito máis influínte do que pensamos. Quizais deberíamos meditar sobre isto. ■



Un caso máis evidente son as coñecidas como Sheela-na-gig, figuras de muller que mostran o seu sexo de maneira impúdica e que se sitúan, polo xeral, na entrada de edificios para evitar que os posuidores do mal de ollo poidan exercer o seu poder sobre eles e sobre os que se atopan no seu interior

En vista destes feitos, parece contradictorio que se recorra a unha muller para librarnos do mal de ollo. Sen embargo, así é. Cando alguén coñece a outro alguén que *saca o aire* sempre se trata dunha muller. Nas illas británicas estas mulleres coñécense como *white witches* (bruxas brancas). Unha das máis famosas era a coñecida como Bidley Early, unha *white witch* irlandesa do século XIX que realizaba todo tipo de cura-

espera para atender aos afectados polo mal ollar.

A intersección divina da que falamos ao principio tamén ten a súa vertente feminina. Sendo o mal de ollo unha crenza de orixe pagá e anterior ao cristianismo, o máis lóxico que podemos pensar é que as deidades cristiás (Deus, a Virxe María e os santos) substituíron ás xa existentes nas culturas de orixe. Así, en moitos dos métodos para previr

Bibliografía:

- ALONSO ROMERO, F.: «La figura de mujer del petroglifo da Pena Furada (Figueiras, Santa Mariña de Lesa, Coirós, A Coruña), *Anuario Brigantino* (Casa Consistorial de Betanzos), número 27 (2004), páxinas 167-178.
- DANIELS, Cora Linn, e C. M. STEVANS: *Encyclopedia of Superstition, Folklore and Occult Sciences of the World*, volume II, Honolulu, University Press of the Pacific, 2003.
- DUNDES, Allan (editor): *The Evil Eye, a Casebook*, Wisconsin, The University of Wisconsin Press, 1992.
- FREIGTAG, Bárbara: *Sheela-Na-Gigs. Unraveling an Enigma*, Londres, Routledge, 2004.
- KNIGHT, Richard Payne, e Thomas WRIGHT: *A Discourse on the Worship of Priapus and its Connection with the Mystic Theology of the Ancients*, Londres, impresión privada, 1894.
- ROSSWELL, Park: *The Evil Eye, Thanatology and other Essays*, Boston, R.G. Badger, 1912.
- TORRADO CESPÓN, Milagros: *O fenómeno cultural da fascinología. As illas británicas e Galiza*, Noia, Toxosoutos, 2009.

Ponencia presentada na **I edición do Mufest, Festival de Cine Feito por Mulleres** na mesa redonda sobre o papel das mulleres no mundo audiovisual, que tivo lugar o 21 de novembro de 2009 en Santiago de Compostela





Mulleres no audiovisual galego

MARTA PIÑEIRO*

Destacarei tres aspectos relacionados coa visibilidade e o protagonismo da muller no sector audiovisual: algúns datos sobre a presenza de mulleres nos equipos técnicos de series de televisión; certas características e condicións do traballo e outros condicionantes negativos.

O número de persoas implicadas nunha serie pode rondar entre corenta e cen, dependendo do tipo de produción e do número de unidades que actúen simultaneamente. O persoal agrúpase en distintos equipos de traballo cun xefe/a responsable en cada un deles. Entre dez e doce departamentos (iluminación, arte, son, estilismo...), onde a dirección e a produción se sitúan no vértice dunha estrutura xerarquizada.

Débense cumprir ambiciosos plans semanais e ordes diarias de traballo, nunha organización en cadea onde cada equipo ten o seu tempo –case sempre moi axustado, o que implica un ritmo alto de traballo– baixo uns prazos marcados pola produción. Os equipos teñen que estar compenetrados e funcionar con fluidez para conseguir efectividade.

A presenza de mulleres

O habitual é atopar determinados equipos maioritariamente compostos por homes e outros por mulleres. Son de mulleres os departamentos de perruquería, vestiario, maquillaxe... incluídas as correspondentes xefas. En contraste, mandan e integran homes os equipos de son, iluminación, cámaras...

A pesar das dificultades as mulleres van accedendo pouco a pouco a estes equipos predominantemente masculinos, e xa non é imposible ver algunha rapaza coa cámara, unha moza encargada da pértiga no equipo de son ou unha eléctrica no equipo de iluminación. Máis estraño e moito menos frecuente será ver xefas nestes departamentos.¹

* Directora de series de televisión

¹ Según o estudo «Mujeres y hombres en el cine español», realizado por un equipo de sociólogas da Universidade Complutense de Madrid, e con respecto ás series de ficción de TVE, nas categorías de produtoras, directoras e guionistas, só un 17,03 % son mulleres, e no resto das cadeas do estado e nos mesmos apartados nunca son máis dun 30 %. Nos organigramas dos equipos directivos de todas as cadeas as mulleres representan un 20 % e nos postos de maior responsabilidade e poder (presidencia, conselleiros delegados ou dirección xeral) o 94,29 % son homes.

[...] as mulleres atopámonos con outras dificultades que non son exclusivas deste ámbito laboral: ter que demostrar máis a propia valía e as resistencias ou hostilidades de determinados homes que non aceptan de bo grao a unha muller por xefa

Revisando os listados de persoal técnico dalgunhas producións nas que participei como Directora, obtiven distintas porcentaxes referidas á presenza relativa de mulleres e homes. En ningún caso, como se pode supoñer, as mulleres acadaban o 50 %; en dúas das producións analizadas estaban entre o 40 % e o 45 % e nunha terceira a súa presenza era do 33 %.

Que acontecía nas situacións de mellor porcentaxe?

Nunha delas a responsable máxima era unha muller e na outra un home que apostou con convicción por un proxecto dirixido por mulleres, asignándolles os principais postos de responsabilidade. Neste último exemplo, ata a promoción da serie fíxose salientando ese aspecto: «Unha serie dirixida por mulleres», e cabería pensar se a temática desta produción –costumista, de ambiente familiar e conflitos afectivos– puido influír na decisión de confiar a mulleres o seu desenvolvemento.

En todo caso, a presenza de mulleres nos postos de responsabilidade e con poder de decisión, facilita unha participación cando menos máis equilibrada de mulleres nos equipos técnicos dos proxectos.

Que outra variable pode influír na visibilidade da muller?

Hai produtoras onde mulleres e homes formados en universidades e escolas teñen unha convivencia normalizada e outras empresas onde, por ser a estrutura de poder maioritaria ou totalmente masculina, pódense dar con máis frecuencia casos de pouco recoñecemento da muller no traballo, algo xa habitual en calquera circunstancia. Exemplos desta desconsideración serían: ver ignoradas as opinións de mulleres en reunións onde os homes son maioría, un maior desgaste da muller por ter que esixir reiteradamente algunha

necesidade técnica, polo cuestionamento frecuente ou a excesiva supervisión das súas decisións ou por padecer opinións acerca de como debe facer o seu traballo...

As condicións de traballo

Outro factor a considerar na visibilidade da muller son as condicións e características –precariedade, falta de estabilidade– do traballo, causa de abandonos da profesión en moitos casos.

Ademais, un nivel alto de responsabilidade e a presión do cumprimento de prazos e presupostos derivada da produtividade nun sector moi competitivo é, por veces, fonte de tensións internas.

Neste sector profesional, e polas peculiaridades das producións, dánse ao longo do tempo múltiples contratos en distintas empresas. Asíanse contratos «por obra ou servizo» para un determinado número de capítulos ou programas que, en producións de series consolidadas, poden ter continuidade no tempo pero sempre con intervalos longos de rescisión contractual que sitúan aos traballadores no desemprego ou, con sorte, nun novo traballo temporal para outra produción.

Por outra banda, hai que negociar individualmente as condicións laborais e económicas coas distintas empresas ou proxectos e os escasos convenios existentes só chegan para cumprir mínimos. Asemade, a abundante saída de novas xeracións do sector audiovisual das universidades e escolas xunto á descontinuidade do nivel produtivo en moitas empresas –sobre todo as pequenas– dificultan a consolidación dos postos de traballo.

O audiovisual é tamén un sector cun elevado índice de mobilidade –resulta


frecuente o cambio de cidade pola diferente situación das produtoras– e con xornadas longas, duras condicións e moitos imprevistos no traballo. Afortunadamente dun tempo a esta parte avánzase na regulación e conséguense xornadas de gravación máis normalizadas.

Finalmente, as mulleres atopámonos con outras dificultades que non son exclusivas deste ámbito laboral: ter que demostrar máis a propia valía e as resistencias ou hostilidades de determinados homes que non aceptan de bo grao a unha muller por xefa.

Todo parece moi negativo: minoría de mulleres nos equipos técnicos, poucas en postos de responsabilidade, competitividade e duras condicións de traballo, resistencia masculina... Aínda así o número de mulleres que acceden pola súa valía a postos de responsabilidade vai medrando.

En Galicia hai produtoras, directoras, realizadoras, directoras de arte... e, dende logo, moita creatividade. Non hai máis que ver a cantidade e a calidade das obras audiovisuais dirixidas por mulleres presentadas na primeira edición do MUFEST: unhas 50 pezas a concurso –case a metade de directoras galegas– entre documentais, curtas de ficción e curtas experimentais, que en moitos casos contaron con maioría de participación feminina, tanto no equipo técnico coma artístico.

Unha maior e máis cualificada presenza de mulleres comprometidas axudaría a que o audiovisual e as series de ficción contribúisen a crear unha imaxe distinta e máis real da muller de hoxe, rachando roles e estereotipos. Para iso necesitanse máis producións de obras dirixidas por mulleres que relaten as interesantes vidas e historias tantas veces protagonizadas por elas. ■



Ponencia presentada na **I edición do Mufest, Festival de Cine Feito por Mulleres** na mesa redonda sobre o papel das mulleres no mundo audiovisual, que tivo lugar o 21 de novembro de 2009 en Santiago de Compostela

A formación académica da muller no ámbito audiovisual galego

ANNA AMORÓS PONS*

A formación especializada, tanto a universitaria como as das escolas de formación profesional, no ámbito da Comunicación (dende a titulación de Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela (USC), Publicidade e Relacións Públicas na Universidade de Vigo (UdV), Comunicación Audiovisual nas tres universidades galegas e ata os estudos de Imaxe e Son en Coruña e Vigo) vén a ter en Galicia unha orixe bastante recente.

Dende comezos da década dos anos noventa, coa implantación destas titulacións conseguíronse varias xeracións


de alumnado cunha notable formación e competente capacitación no sector da comunicación e dos medios audiovisuais. Titulados/as que pasaron a engrosar postos laborais no mundo dos *mass media*, os cales están contribuíndo á profunda transformación e modernización económico-cultural pola que atravesamos a nosa comunidade autónoma. Esta situación está a provocar un incremento espectacular do número de empresas do sector como produtoras audiovisuais, estudos de cine, canles de televisión, axencias de publicidade, empresas interactivas..., o que nos acerca

aos niveis acadados noutras comunidades do Estado español e mesmo de Europa.

Agora ben, a incorporación da muller ao ámbito laboral da comunicación en Galicia é moito máis baixa que a do home, unha situación laboral totalmente paradoxal tendo en conta que o número de persoas tituladas do sexo femi-


* Anna Amorós é profesora titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade e Patricia Comesaña (autora das táboas) é doutoranda, ambas na Universidade de Vigo.

Táboa 1. Alumnado matriculado na titulación de publicidade e relacións públicas, segundo o sexo e o curso académico




Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

Táboa 3. Titulados en publicidade e relacións públicas, segundo o sexo e o curso académico




Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

Táboa 2. Porcentaxe de matrículas na titulación de publicidade e relacións públicas, segundo o sexo



Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

Táboa 4. Porcentaxe de titulados/as na carreira de publicidade e relacións públicas, segundo o sexo



Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

nino é superior (máis dun 75 %) ás do sexo masculino.

Na investigación levada a cabo na Universidade de Vigo sobre a formación académica universitaria especializada no ámbito da comunicación (nas titulacións de Comunicación Audiovisual e de Publicidade e Relacións Públicas), dentro dun estudo máis amplo sobre á incorporación laboral da muller ao sector da comunicación en Galicia,¹ revélanse aspectos cruciais que apuntamos de xeito sucinto.

En primeiro lugar, indicar grosso modo que nos atopamos fronte a dúas titulacións cun marcado carácter feminino, circunstancia que confirma que este tipo de estudos están reservados tradicionalmente a mulleres, polo que a súa presenza nas aulas é marcadamente superior á dos homes. En segundo lugar, ao analizar os datos do alumnado


matriculado na titulación de Publicidade e Relacións Públicas podemos indicar que o 75 % de matrículas totais pertencen a mulleres, mentres que só o 25 % a homes (táboa 2), establecéndose unha relación aproximada de 1 alumno mozo matriculado por cada 4 mozas que acceden a esta carreira. Ao observar os datos (táboa 1) comprobamos que esta tendencia xeral repítese curso tras curso, agás un lixeiro aumento da presenza masculina durante 1999/2000 a 2002/2003, pero sempre ao redor de niveis similares (inferiores ao 30 %) ao longo de tódolos cursos académicos.

Agora ben, se atendemos aos datos que se refiren a titulados/as en Publicidade e Relacións Públicas (táboa 4), constátase que o 78 % do alumnado que finaliza estes estudos son mulleres, fronte a un 22 % de homes. Deste xeito,

Do mesmo xeito que no caso de Publicidade e Relacións Públicas, constatamos que practicamente en todos os cursos o aprobado feminino polo menos triplica o dos seus compañeiros homes


¹ A comezos do século XXI xa facíamos públicos os primeiros resultados dunha parte do estudo en *Informe sobre a profesionalización da muller no sector publicitario en Galicia*; véxase ao respecto *Andaina*, núm. 28 (primavera, 2001), pp. 44-49.

Táboa 5. Alumnado matriculado na titulación de comunicación audiovisual, segundo o sexo e o curso académico




Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

Táboa 7. Titulados/as en comunicación audiovisual, segundo o sexo e o curso académico




Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

Táboa 6. Porcentaxe de matrículas na titulación de comunicación audiovisual, segundo o sexo



Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

Táboa 8. Porcentaxe de titulados/as na carreira de comunicación audiovisual, segundo o sexo



Fonte: Datos Universidade de Vigo.
Elaboración propia: Patricia Comesaña, 2010

do total de 788 persoas que conseguiron graduarse nesta licenciatura –desde a súa implantación no sistema educativo universitario de Galicia no curso 1994/1995 até o curso 2008/2009– 611 son mulleres, mentres que tan só 177 son homes. Polo que se pode constatar (táboa 3) que practicamente en todos os cursos o aprobado feminino triplica polo menos o dos seus compañeiros homes.

Partindo dos datos expostos no punto anterior, vemos que a finalización dos estudos por alumnos homes fronte á das súas compañeiras mulleres é moi inferior debido probablemente ao descenso de matriculacións masculinas que se presentan nos últimos cursos da titulación, o que indica un maior abandono destes estudos por parte dos mozos que das mulleres, malia seren minoría nas aulas.

Sen embargo, respecto ao caso da licenciatura de Comunicación Audiovisual (táboa 6) existe unha presenza masculina do 28 % fronte a un 72 % feminina, lixeiramente superior que na de Publicidade e Relacións Públicas. Un dato destacable, aínda que debemos ter en conta que tradicionalmente sempre houbo unha maior presenza de mulleres nas carreiras de humanidades, ciencias xurídicas e sociais, esta proporción mantívose relativamente estable ao longo dos distintos cursos académicos (táboa 5).

Por último, despréndese dos datos achegados pola Universidade de Vigo correspondentes ao período académico 2003/2009 que a porcentaxe de mulleres tituladas en Comunicación Audiovisual é de 74 %, mentres que a porcentaxe de homes é do 26 % (táboa 8). Aínda que se ofrecen os datos deste es-

tudo en porcentaxes, pódese observar (táboa 7) que do total de 77 alumnos graduados, 19 son homes e 58 mulleres. Do mesmo xeito que no caso de Publicidade e Relacións Públicas, constatamos que practicamente en todos os cursos o aprobado feminino polo menos triplica o dos seus compañeiros homes.

En definitiva, podemos concluír que ámbalas titulacións presentan un marcado perfil feminino. Ao falar do futuro das carreiras vinculadas ás Ciencias da Comunicación é indiscutible, pois, que a profesión precisa dunha notable mellora no aspecto laboral que facilite o recoñecemento da profesionalización da muller no ámbito da comunicación e dos medios audiovisuais e a súa equiparación co persoal masculino das mesmas. ■





Dossier [2ª parte]

mares de mulleres

As colareiras

Yo recuerdo la niña hechicera
que en Helenes la dulce nació.
Obra virgen tan pura y tan bella
a mi orilla jamás abordó.

Eduardo PONDAL,
La isla de la Toja



PATRICIA ARIAS CHACHERO

En xacementos arqueolóxicos de Sudáfrica, Marrocos, Arxel e Israel teñen aparecido doas de colares feitas con pequenas cunchas mariñas. Estas cunchas, de cores e tamaños semellantes, mostran restos de pigmentos e pequenos buratos polos que pasaba o cordón

que as mantiña unidas. Calcúlase que algúns destes adornos teñen máis de 85.000 anos. Son con seguridade, os ornamentos persoais máis antigos da humanidade e con eles demóstrase a existencia dunha cultura humana ben organizada que probablemente atri-

buíu a estes obxectos un significado e un valor determinados. Na Patagonia, México, Oceanía e en moitos outros países a fabricación e comercio de adobíos deste tipo continúa sendo un medio de subsistencia para milleiros de persoas. Na Galiza existe tamén un lu-



O fotógrafo vigués Xaime Pacheco retratounas efectivamente humildes, descalzas e vestidas de negro, asaltando a un requintado, e antóllasenos pouco molesto, bañista

gar onde as mulleres levan tempo facendo, vendendo e mesmo lucindo colares de cunchas: a illa da Toxa.

Resulta difícil saber cando e como comezaron a fabricarse estas humildes xoias, pero parece claro que o oficio desenvolveuse co incremento do turismo. Moito máis complexo é dilucidar desde cando existe no Grove a tradición de fabricar estes colares e pulseiras e se foi ou non unha actividade importada dalgún outro sitio. Fagamos un pouco de historia tentando documentar o pasado de tan singular ocupación.

A grandes trazos podemos dicir que os primeiros baños que houbo na Toxa construíronse en 1842. Sesenta e seis anos máis tarde levantaríase, seguindo un proxecto do arquitecto Vázquez Gullías, o edificio do Gran Hotel. Coa inauguración do complexo hostaleiro iníciouse a chegada masiva de adañeirados visitantes procedentes de toda Europa. En 1911 a construción da ponte que une a illa ao Grove facilitou as visitas e consolidou a imaxe de salubridade e calidade turística do lugar.

Documéntase desde moi cedo a presenza na Toxa de nenas e mozas vendendo colares aos turistas. O 1 de setembro de 1920, Ortiz Novo asina unha pequena columna no *Faro de Vigo* relatando a súa viaxe pola ría de Arousa; contra o final do texto lemos:

Chegan, cada momento, automóviles e lanchas con toda liñaxe de excursionistas. E é de ver –e peche o contraste a miña crónica– como a un grupo de turistas, elegantes cabaleiros, luxosas damas (que eu enxergo desde a balconaxe dunha terraza do Gran Hotel), achéganse, descalzas de pés e pernas, unhas humildes fillas de pescadores, rapazas de negros ollos de ónice e trenzas de acibeche –belas e tristeiras e azoradicas, deslumbradas ante tanto luxo e esplendor– ofrecendo timidamente o labor das súas mans pálidas: uns fermosos e rústicos colares de cunchas, nácaras, caracois e pedriñas de cores, daquelas praias.

Eu compreí despois algúns que –reverenxiosa e xentilmente– colgo da mórbida garganta, ebúrnea dunha simbólica, xentil e gallarda moza que o mesmo pode representar á rinte e poética Virxe do Mar, que a Galiza –a noiva– musa dos meus caros e egrexios amores.

Ese mesmo verán estivo na Toxa o escritor Wenceslao Fernández Flórez e tamén el publicou as súas impresións. Nas páxinas do *ABC* do 19 de agosto deixou escrito:

Centenas de persoas que na baixamar formiguean sobre os bancos de area buscan caracoliños e cunchas para facer colares, e ameixas para facer guisos. Vostede contempla ese espectáculo e pensa que é unha razoable maneira de vivir, e bendice o horror á inutilidade que domina á Natureza.

A imaxe idealizada do escritor coruñés proporciona cando menos un dato interesante, alude a «centenas de per-

soas» e probablemente non esaxera, pois moitas foron as familias que se beneficiaron, ocasional ou diariamente, da recolleita feminina de bivalvos e cunchas.

O fotógrafo vigués Xaime Pacheco retratounas efectivamente humildes, descalzas e vestidas de negro, asaltando a un requintado, e antóllasenos pouco molesto, bañista. A fotografía apareceu na revista *Vida Gallega*, en abril de 1927. O editor e director de tan celebrada publicación era o grovense Jaime Solá Mestre, quen se convertera nas coidadas páxinas gráficas da súa revista nun afervoadado defensor da filosofía elitista que xa por aqueles anos era indisociable ao veraneo na Toxa.

Complemento perfecto do retrato de Pacheco é, ao noso modo de ver, o artigo asinado por un tal Gil de Escalante, aparecido no xornal *ABC* o venres 28 de agosto de 1931. Xulguen vostedes:

Rápida visita á Toxa. Illa de marabilla, que garda, prisioneiro entre os seus bosques de piñeiros, un monumental hotel de dubidoso gusto. Na entrada da illa, como animalións salvaxes, mulleres indíxenas e adolescentes asaltaron o estribo dos coches. Metíannos polos ollos, máis que nos ofrecían, eses decorativos e típicos colares nos que enliñan caracoliños da mar.

Este José Dadín (1916-1975) aprendera o oficio no Pazo do Sineiro, cos Botana, e era un excelente traballador



José Dadín Novas e familia

«Animaliños salvaxes», «mulleres indíxenas»... A mesma ou semellante concepción delas e da situación debía de ter Rafael Sáenz-Díez Vázquez, director-xerente de *Sociedade Anónima La Toja* cando polos anos trinta impuxo o vestido tradicional galego como uniforme obrigado entre as colareiras que quixesen vender os seus produtos aos turistas que visitaban a illa. Cómpre ter en conta que a illa non era privada, que as mulleres non eran empregadas da empresa e que nin os administradores da S.A. *La Toja* nin o señor Sáenz-Díez tiñan ningunha autoridade sobre elas.

Por algunha razón que se nos escapa a imaxe da muller vestida co traxe galego asociábase nestes anos á salubridade e pureza das augas. Unha muller así ataviada aparecería durante moito tempo nos postais turísticos, nos laterais das caixas de cartón dos xabóns da Toxa e tamén nos libretos promocionais das augas de Mondariz.² O *disfrace*, chegou até os nosos días e na actualidade inda é posible atopar na Toxa a algunha muller adobiada cunha raída saia vermella cun par de esvaídas raias negras no borde inferior.

Os viaxeiros e xornalistas da primeira metade do século XX inciden nas mesmas imaxes: mulleres e humildes. Non reparan en termos como emprendedoras, decididas ou traballadoras. Disfrazadas ou non, as colareiras da Toxa levan máis de cen anos cumprindo con dignidade co seu papel.

Coa chegada das cámaras fotográficas iniciouse entre os turistas un novo costume, o de retratarse con elas. O 30

de agosto de 1981 o mesmísimo Julio Iglesias posou xunto a unha colareira. O xornalista que redacta o pé de foto non pode –ou non sabe– resistirse e incide nos mesmos tópicos prexuciosos que os seus camaradas de comezos de século. Escribe: «O cantante español que triunfa no mundo enteiro foi curar a súa morriña á estival vila da Toxa, onde aparece abrazando a unha castiza vendedora de colares». En fin!

Tal e como xa se dixo, non é doado explicar como se iniciou a profesionalización desta actividade. Seguramente o éxito comercial dunha idea particular motivou que un precario comezo de base familiar dera lugar a unha organización máis ou menos sistemática que, como veremos, chegou a reportar verdadeiros beneficios. A primeira noticia que atopamos dunha empresa dedicada á facturación de obxectos elaborados con cunchas data do ano 1914. O día 14 de marzo atopamos no periódico *El Regional*, unha breve alusión á viúva de Botana, de quen se di ser «dona dunha fábrica de cuncha existente no Grove, única en España, na que se fabrican alfaias, cadeas de reloxo, brincos, pulseiras e outros obxectos». O xornalista dá conta do convite que o Comité executivo da Xunta Provincial de Pontevedra fixera á xa referida viúva de Botana para participar na Exposición de Turismo que se ía celebrar en Londres.

Esta viúva de Botana debeu de ser a ribeirense Carme Gómez Bares (1860-1941), cuxo home, José Botana Barbeito, falecera no ano 1895. A empresa familiar que rexentaba dona Carme no

Grove alcanzara certa sona pola calidade dos seus traballos e porque alí se fixera un berce de cunchas que unha «persoa moi coñecida en Santiago» (o marqués de Riestra?, Montero Ríos?) agasalla en 1857 á raíña Isabel II, con motivo do nacemento do seu fillo, o futuro rei Afonso XII.³ A memoria do pobo conservou até hoxe o recordo oral deste berce real que seica foi transportado até Madrid nun carro tirado por bois. Pouco máis sabemos da fábrica da familia Botana. Continuaron coa actividade artesá até polo menos 1936.

Cando parecía que a actividade se dignificaba, a violencia do levantamento militar asaíouse coa vila meca e coa empresa. Josefa Botana Gómez (1895-1945), filla de Carme e José, foi a herdeira do amplo patrimonio familiar e do próspero negocio. Estaba casada co médico Ángel Cadavid Caamaño (1896-1936) e a familia residía no Pazo do Sineiro, un dos poucos pazos que se conservan no concello meco. Don Ángel era un home coñecido e respectado na vila, lideraba Izquierda Republicana e partillaba conversas e arelanzas con outro importante personaxe, o tamén médico Jacobo Otero Goday, ex-alcalde do Grove e principal referente local da Fronte Popular. Ao pouco de estourar a guerra, Ángel Cadavid e Otero Goday foron detidos e xulgados. Ao primeiro impuxéronlle unha multa de 2.000.000 de pesetas (cando o orzamento municipal naquela altura era de 114.000 pesetas), a imposibilidade de pagar semellante cantidade desorbitada ocasionou a expropiación do patrimonio que a

familia non puido poñer a salvo. A ruína da familia Botana non tiña xa marcha atrás. Ángel Cadavid Caamaño foi xulgado por rebelión militar, condenado a pena de morte e asasinado na estrada a Campañó na mañá do 2 de decembro de 1936. Cadavid deixaba unha filla, a pequena Carme Cadavid Botana, que inda non cumprira 12 anos e que malia a traxedia vivida soubo ser a garante da memoria familiar.

Adiantémonos algo no tempo. Ano 1946, en Sabarís, non moi lonxe doutra das capitais galegas do turismo, Baiona. Alí sobrevivía a familia numerosa do reloxeiro Serafín Lorenzo. Eran malos tempos para andar vendendo xoias e reloxos e –de novo unha muller– a Amparo Fernández, dona de Serafín, ocorrúelle usar as cunchas para elaborar adornos que resultasen atractivos e baratos. O negocio pronto comezou a fun-

cionar e pasados poucos meses os Lorenzo Fernández contrataron a José Dadín Novas. Este José Dadín (1916-1975) aprendera o oficio no Pazo do Sineiro, cos Botana, e era un excelente traballador. O que non sabían os novos patróns é que Dadín compartira con don Ángel Cadavid a militancia antifascista e a desgraza dunha condena militar que no seu caso o levara a estar preso durante anos na illa de San Simón e no Penal Militar do Forte de San Cristóbal (Ezkaba), en Iruña (Pamplona).

Nacamar, o negocio da Ramallosa, prospera rapidamente, chegando a ter empregadas varias ducias de mulleres. Dadín e súa irmá Natalia patentaran algúns modelos de xoias que logo lle cederon á empresa fundada pola familia Lorenzo. Nos anos sesenta Nacamar abriu representacións comerciais por todo o Mediterráneo e nas épocas máis boiantes chegaron a vender entre oito e dez mil colares por temporada. Aos que hai que sumar moitos outros obxectos que tamén fabricaban con cunchas: elaborados brincos, caixas, marcos de fotos, piornos, cruceiros... A familia acudía ao Grove para proverse de cunchas. As mulleres e nenas do lugar de onde partira o negocio, vendían os quilos de cunchas limpas e clasificadas por tipos, cores e tamaños. Como medida servíanse de latas vellas (chamadas *cacharretas*, se levaban aproximadamente un quilo, e *biroles*, se acadaban os cinco quilos) ou de metros de fio onde ían ensarilladas as cunchas xa furadas. A situación era tan precaria que moitas nenas da localidade pasaban tardes enteiras recorrendo as praias buscando cunchas que logo clasificaban, furándoas cun punzón e moito coidado para non derramalas e enfiándoas na casa coa axuda das nais que traballaran polo día na seca, nas fábricas ou na lonxa. Este traballo non se pagaba con diñeiro, os metros de cunchas dispostas para a venda levábanse a algúns ultramarinos da vila onde se cambiaban por produtos de primeira necesidade (arroz, azucre, fariña, leite...).

Nacamar, o negocio da Ramallosa, prospera chegando a ter empregadas varias ducias de mulleres. Dadín e súa irmá Natalia patentaran algúns modelos de xoias que logo lle cederon á empresa fundada pola familia Lorenzo

Foto: Nacamar





Hai un traballo centenario no Grove que inda hoxe ocupa a unha pequena parte das mulleres da vila. Todo o mundo –a afirmación é case literal– as coñece, son as colareiras da illa da Toxa [...]

Aprendín no Grove que as mulleres mecans non se renden facilmente, que son resistentes e capaces de pelexar cada centímetro da súa independencia. Hai moitos anos que compaxinan o coitado da casa, a crianza dos fillos e o traballo vencellado ao mar, porque a necesidade apretou e a supervivencia diaria da familia recaía nas súas mans. Moitas saben o que se sente ao agachar durante horas o lombo aproveitando a seca para apañar berberecho ou ameixa. Durante anos a venda do peixe na lonxa foi cousa de mulleres; elas esperaban aos homes no peirao, elas descargaban os barcos e camiñaban descalzas até a vila, eran elas as que cosían as redes, as que empacataban os xabóns da Toxa e as que servían no balneario. Milleiros de mans femininas fixeron medrar as fábricas de salga e conserva e esas mesmas mans inda encontraban tempo para recoller, clasificar, limpar, furar e ensartar milleiros de pequenas cunchas.

Ser muller no Grove implicou ser forte, loitadora e resistente, traballar dentro e fóra da casa e aproveitar a mínima oportunidade para xuntar algún

diñeiro. A fráxil economía familiar nunca dependeu só dos homes, e supoño que iso fixo que as mulleres se acostumasen a tomar decisións. Elixiron o camiño e provocaron un respecto. Son bravas as mulleres do mar, pois tiveron que traballar duro para conseguilo, a súa fortaleza non é unha tacha, é un mérito conquistado con esforzo, con moito esforzo e tesón.

Hai un traballo centenario no Grove que inda hoxe ocupa a unha pequena parte das mulleres da vila. Todo o mundo –a afirmación é case literal– as coñece, son as colareiras da illa da Toxa, agora tamén no porto do Grove. Levan anos ofrecendo aos turistas xoias fabricadas con humildes cunchas das nosas praias, venden obxectos para mulleres feitos por mulleres. Un traballo tan feminino que nin sequera existe a palabra en masculino, pois até onde nós sabemos nunca un home vendeu ou fabricou colares, todo o máis carrexou *cunchaio* –mestura de cunchas e area– ou axudou na casa a limpar, furar ou clasificar as cunchas.

Ao longo silenciamento dunha actividade artesanal claramente feminina

súmase o desprestixio do oficio que parece terse apoderado de parte destas profesionais. A presenza de obxectos de plástico, bixería de baixa calidade importada dos países asiáticos e todo tipo de quincalladas alleas á actividade artesanal tradicional, revélasenos como un erro, unha innovación fóra de lugar. Desde as páxinas de *Andaina* convidamos a estas mulleres para que manteñan viva e sen degradar a tradición que lles vén de caste, para que loiten pola dignificación e protección dunha fermosísima actividade que arestora lles pertence por dereito. Animamos así mesmo ás autoridades pertinentes para que contribúan a protexer, a dignificar e a vender un produto galego de alta calidade, para que regulen a actividade e non permitan a adulteración do que levou moitos anos e moito esforzo construír. Pois só se verdadeiramente nos enorgullecemos daquilo que nos é propio lograremos ser xustamente valoradas. ■

LAURA GÓMEZ LORENZO
FOTOS: NSC

Entrevistadas:

Isabel Pérez Fernández,
mariscadora, presidenta da Asociación
de Mariscadoras a pé de Cambados

Vitoria Ouviaña Vieites,
mariscadora (Cambados)

Vitoria López Areán,
mariscadora (Cambados)

M.ª José Cacabelos Domínguez,
mariscadora e presidenta de
Guimatur (Cambados)

M.ª Teresa Corbelle González,
mariscadora (Cambados)

Rosa Costoya Amoedo,
mariscadora (Cambados)

M.ª Jesús Martínez Blanco,
mariscadora (Lourizán)

Susana González Álvarez,
percebeira e presidenta da Asociación
de Percebeiros/as de Baiona

Geli Martínez Sotelo,
redeira e presidenta da Asociación
de Redeiras de Cangas, O Peirao

Entrevista colectiva

Maris- cadoras, perce- beira e redeira

Na Confraría de Pescadores de Cambados xuntámonos cun grupo de mulleres mariscadoras, unha percebeira e unha redeira, de diferentes idades, para que nos falasen das súas experiencias e lembranzas nestes traballos do mar. Pasamos unha tarde entrañable, na que con toda xenerosidade nos ilustraron sobre moitos aspectos, deixándonos admiradas do seu valor, a súa sinceridade e o seu espírito de superación. Agradecemoslles a todas elas que compartisen con nós o seu tempo e vivencias e a Pencha Santasmarinas que nos facilitase o contacto.



Facemos a entrevista colectiva en torno a dúas preguntas para as mariscadoras:

► Que supuxo para vós o I Encontro de Mulleres Mariscadoras que tivo lugar en Vilagarcía de Arousa en 1995? Houbo un antes e un despois dese encontro?

► Como vivístedes o desastre ecolóxico do *Prestige*?

Isabel Pérez Fernández: En 1995 Cambados era unha vila de mariscadoras, de mariñeiros, de rañeiros, pero eramos todos furtivos, cada un mirando para o seu lado. O patrón maior que había quería facer agrupación, pero nós non queríamos, queríamos ir todos os días e a todas as horas á seca e volver para a casa. Tiñamos problemas coa confraría, fixemos unha asemblea e nela xuntámonos para propoñernos como directiva e saímos directiva. Despois foi moi duro, porque unha cousa era ir por libre, ir traballar cando queres e como queres e outra ter unhas normas, para o tope, para ir, para non ir. Persoalmente o traballo ía pouco a pouco a mellor, pero para nós as mariscadoras foi moi duro, un cambio moi grande, moi grande. Había moitas mariscadoras con 60 anos ou máis, que xa tiñan que se xubilar e non estaban dispostas a ter este cambio, pero tamén había mariscadoras novas, así como Vitoria que si o querían. Eu tampouco quería a agrupación, pero tamén entrei polo aro. Fomos pouquiño a pouco camiñando. Viñera un temporal moi grande, no ano 2001-2002, paréceme que foi, morría todo o marisco, nun momento en que xa comezabamos a andar e morríanos todo o berberecho (que nós viviamos principalmente do berberecho). Volvemos a empezar, doutra maneira, sen enterrar o marisco en terra, senón cada unha que peneirara, fixemos unhas peneiras pequenas para o berberecho e para a ameixa, pero tampouco era positivo, sempre quedaba moitísimo

en terra, botábase ao mar e no mar morría. E puxemos o calibre; cada persoa tiña que levar o calibre para terra, pero claro ti estás na praia, quedaras sen nada porque chovera motísimo, morríanos todo, e queres facer o tope ou a metade do tope, e meter algún peq ueno polo medio. Cambiar estes hábitos custou moito, pero fomos mellorando.

En canto ao *Prestige*, sabíamos que este barco podía provocar a marea negra, pero nunca pensamos que podía vir para aquí. Eu vin os homes chorar! Estaban os homes cunhas espumadeiras grandes e raños, para poñerse en fila e evitar a entrada. E nós a facer redes na lonxa, tiñamos unhas redes moi pechadas que mercamos para a ameixa xapónica e que nos custaran unha chea de cartos... Foi algo tan duro, porque nós as mariscadoras e os mariñeiros non sabemos facer outra cousa, ti traballas nunha fábrica e cando chegas a casa desconectas, unha mariscadora nunca desconecta do Serrido e un mariñeiro nunca desconecta mar. A ría nosa en Cambados é unha ría cerrada e como entrase teríamos que estar dez ou doce anos sen ir a seca, que é o noso traballo.

Foi un ano moi duro, moi duro, porque pasaban os meses e ti aínda estabas desgustada co goberno, coa compañía do barco... Despois empezamos a levantarnos de novo, porque afortunadamente non entrou na nosa ría, pode parecer egoísta, pero isto non é mar aberto como Camariñas, por exemplo.

Neste momento estamos encantadas coa agrupación; mesmo na vila, todo o mundo está encantado, somos case duascenas mariscadoras, hai traballo, quere entrar máis xente para mariscar. As mariscadoras e as peixei-ras eramos antes o último en Cambados e houbo un cambio social moi grande e noutras poboacións igual. Agora somos un colectivo máis respectado por toda



a xente, empezando por nós mesmas, porque o máis importante é respectar o noso propio traballo. Estamos traballando con responsabilidade, temos o calibre, a ameixa pequena vai para abaixo e a grande queda arriba; estamos vendendo da ameixa fina, que ten que ter 4 cm, 4,4 cm. Isto é moi importante para os nosos fillos, para as mozas que veñen detrás. Hai moitas mariscadoras da miña idade, 60 anos, e vemos con orgullo a situación actual, e con certa tristeza tamén por non ter comezado antes, pero si que é certo que por ter empezado tarde non cometemos os mesmos erros que outras agrupacións, cometemos outros, pero non aqueles.

Vitoria Ouviaña Vieites: Son mariscadora desde os 9 anos, daquela o que non servía para outra cousa ía ao Serrido. A min a escola nunca me gustou e na miña casa había algunhas necesidades, como en todas no barrio de Santo Tomé, e se o teu pai era mariñeiro e a túa nai mariscadora, mariscadora tiñas que ser ti tamén, non había outra solución. Empecei por necesidade, pero eu hoxe non sabería vivir sen o marisqueo. Fáltanme sete ou oito anos para xubilarme e penso onde vou meter eu este corpiño. Estou agora de baixa, pero aínda me levan todos os días ata a beira do peirao, ata Tragove, a ver o mar. Teño fillos na Rioxa, vou tres días, pero despois dos tres días eu asfixio alí, sen ver o mar.

En canto ao *Prestige*, sabiamos que este barco podía provocar a marea negra, pero nunca pensamos que podía vir para aquí. Eu vin os homes chorar! Estaban os homes cunhas espumadeiras grandes e raños, para poñerse en fila e evitar a entrada

O do *Prestige* foi de terminar no psiquiatra, con pastillas para durmir, procurando superar algo que vía negro día e noite. Eu daquela tiña unha filla, a máis vella, que andaba ao mar co meu home e cando viñan de coller o chapapote dicíame «ai, mamá, que negro está todo, que triste ver o mar así!», eu dicía «que vai ser de nós?!», e ela «non te preocupes que eu collo unha maleta e marcho para Tenerife», «si, ti –dicía eu– e os teus irmáns ides fóra traballar a calquera lado, pero eu –con cincuenta e tantos anos que tiña daquela– a onde vou eu, e o teu pai?». Podédesmo crer, botei sete meses no psiquiatra indo un día cada semana. Grazas a Deus, coas almofadas e os inventos que se quitaron para limpar, superámolo, ás nosas praias non chegou e cando entrabamos ao Serrido e viamos un pouco de graxiña por riba, decontado chamabamos ao biólogo para que mirase, e nada. Pasámolo moi mal.

O mellor que fixemos nós na agrupación foi o calibre, porque peneirabamos miles e miles de quilos de berberechos, quedábanos o pequeno atrás e levábamolo na lancha á tarde para o mar, pero morría, porque sacudíamolo durante 4 ou 5 minutos, e de alí cargábamolo, e de alí botaba catro horas ao sol... Iso foi un erro acababamos con todo o noso. Cando nos decatamos, empezamos a coller un por un, ante a dúbida, o calibre. Iso foi o que mellor puidemos facer. E as sementeiras, porque está claro que se matas os fillos, non chegan a pais. Custounos moito. Eu fun unha das primeiras da xestora, con Isabel, dous anos, e despois, catro anos na directiva, elixidas polas mulleres... E que alguén mandase en ti..., que viñese unha da aldea (como lles chamabamos ás dos arredores) a dicirche o tope que tiñas que coller, a ti que naciches no Serrido coma quen di! Custounos entrar polo que nos dicían da Xunta, Cerviño e Alberto daquela, «mirade Vitoria que se non



colledes a agrupación algunhas mulleres isto váisevos ao tacho». Porque había empresas con intereses, claro, un día díxome un: «Vitoria, vai vir o Nadal e os depuradores precisamos zonas onde botar a ostra a beber»...

A: Vitoria, que significa «botar a ostra a beber»?

Significa que eles traen grandes cantidades de marisco de fóra e non teñen espazo abondo nas depuradoras nin nas bateas, entón tíranos en sacos nunha praia para que aguante vivo oito ou dez días e logo lévano. Tiñamos xa a experiencia, cando eu era rapaza, dos bebedeiros, que era unha zona onde os compradores que había antes botaban a ameixa e pouco a pouco foron estendéndose e ocupando máis e máis. Pero un grupo de mulleres moi decididas, a nai de M.^a José estaba en cabeza e a súa sogra e as nosas nais, quitaron iso dos bebedeiros, tiráronse un día no Serrido cando andabamos nesa escravitude de que non podías parar, nin pousar, e tiñas que venderlles todo o marisco..., largouse toda a vila para alá, mariscadoras e non mariscadoras, e quitáronse. Agora esa zona recuperámola para nós, para secas pequenas, botámoslle a ameixa pequena e temos un sitio aí estupendo para traballar.

Sacáronse tamén as areeiras, aos chineses estes de marras. Aí fomos todos. O Serrido dexenerara, estaban desaparecendo os lombos, o rego de Mar de Frades case non estaba, o lombo da Boca das Pozas desaparecía...

A: Que son os «lombos», Vitoria?

Os lombos son dunas que coas correntes vanse formando en distintos sitios. Eu acordo tres lombos na Boca das Pozas, que eran os tres que había, e o lombo Branco que é ao que todas nós imos. Se ti fas unha poza, a corrente arrastra todo para a poza... Coas areeiras O Serrido era gris, esas areas do Serrido que dicía Caba-

nillas que eran «ouro vello deitado ao sol», pois eran grises, lamacentas. En canto se sacaron as areeiras, volveron as correntes naturais a funcionar, o mar ten unha capacidade de rexeneración asombrosa. Se temos unha zona que por calquera razón non se traballou un ano e empeza a criar esas herbiñas verdes, metémonos as mulleres a traballar alí unha tarde ou metemos o tractor e a zona rexenérase.

O que temos aquí é unha verdadeira mina! Deunos traballo a nós, que empezamos a ganar 10.000, 15.000 ptas. ao empezar coa agrupación, e aínda lles iamos de furtivas ás de Castrelo, que xa a tiñan feita [risas], porque alí, ao pasar o río, viamos que elas tiñan unhas ameixas grandes e nós tiñamos a praia esquilhada, que para apañar un quilo iamos as dúas secas ao día e sábados e domingos! Desde que empezamos a deixar o pequeno atrás, a sementar, a rarealo onde había moito e a limpar o esterco que vén arriba, hoxe ganamos un soldo tan digno como en calquera empresa ou máis aínda, porque para ganar o que eu gano en 55 ou 60 horas en todo o mes as miñas fillas terían que traballar 150 ou 160 horas. E quedame tempo de botar dúas patacas, atender a terra, atender os animais, facerlles a comida para eles, vou atender os netos e aínda me sobra tempo. E ademais nós paramos cando queremos, cando me doen os cadrís levántome, se queres botar un cigarro ou botar un conto, bóvalo, e se queres ir antes para a casa, porque tes algo para ese día, pois tamén. Eu conto a miña experiencia fantástica!

M.^a José Cacabelos Domínguez: Eu nacín nunha familia como todas nós de mariñeiros e de mariscadoras, a casa da miña avoa está alí a pé de praia. Eu fun criada alí, ás veces no verán ía coa miña nai, mais outras quedaba coa miña avoa e xogaba na praia. Toda a miña

M.^a Jesús Martínez Blanco (no centro)

Geli Martínez Sotelo



vida se desenvolveu a carón do mar. Desde sempre tívenlle pánico ao mar, porque na miña familia houbo un naufraxio no que morreron catro tíos, e a miña avoa sempre nos repetía que tivésemos coidado e nunca nos perdía de vista. Na miña casa nunca había festas, porque quedara a familia moi sentida dese naufraxio. Por outro lado, tamén cando era nena, o mar roubábame a miña nai, porque o marisqueo antes era unha escravitude, marchaban á mañá, ao mediodía, á noite, había veces que ían pola noite aos berberechos, que traían as game-las cargadas, total para chegar onda o comprador e se levaban 60 quilos dicíanlles que non, que eran 40, pero se non o vendían non traían nada de cartos para a casa. Ían ás dúas secas, tanto se viñan de día como de noite e botaban moitísimas horas. Eu sempre dixen que non sería mariscadora e a miña nai sempre dixo que aos seus fillos nos daría escola, aínda que tivese que traballar día e noite, e de feito déunola.

Como dixo antes Isabel, quen non valía para estudar, valía para o mar, tanto para O Serrido como para ir de mariñeiro. Ao ser unha sociedade patriarcal, nunca se investía na muller; ías para a seca porque aí non se precisaba capital, levabas o caldeiro e o raño, as botas que os teus pais deixaban, os chaquetóns que metían auga por todos os lados e iso xa en tempos mellores, porque cando miña nai era nena ían descalzas e tiñan que facer as súas necesidades nos pés para quentalos.

Cando foi o dos bebedeiros, que comentaba Vitoria, que pasabas por alí e andaban controlando desde as ventás como se todo fose deles, fóronse apropiando desa zona como se se tratase dunha concesión e aínda querían amplialos para o Lombo da Rata e por alí. Entón uníronse todas e subleváronse, porque non había traballo para as mulleres. As mulleres tiveron moito valor, foi no ano 1974-1975. Esas mulleres fixeron un primeiro

control, fixeran uns carnés, pero durou moi pouquiño, porque non tiñan apoio de institución ningunha. Os compradores viron nelas unha ameaza e pensaron en sementar a discordia entre elas, a unhas pagábanlles a un prezo a outras outro, foilles tarefa fácil, porque, como sabedes, para as persoas de nivel educativo baixo é máis difícil defender os seus intereses.

Despois xa comezaron outras agrupacións a funcionar apoiadas pola Xunta. A de Cambados foi a última en formarse. Eu comecei de mariscadora profesional en 1999, cando se constituíu a agrupación. Antes traballaba nunha gardería, pero eran moitísimas horas, e tiña que ter unha persoa para os meus nenos, así que quería deixalo. Apunteime aos cursos de marisqueo. Despois empezaron co da importancia da Seguridade Social e pensei que estaba ben traballar de mariscadora, que polo menos seguía cotizando. A miña nai sempre me inculcou que as mulleres tiñamos que ter independencia económica, porque aí estaba a nosa liberdade. Este traballo dá unha compatibilidade estupenda coa vida familiar, como comentaron antes as compañeiras. Vas unhas horas pola mañá e, agás que teñas que ir co montón a escoller, tes o resto do día libre. De feito nós, as de Guimatur,¹ a todo canto curso había nos apuntabamos. Daquela era pouca a xente que estaba pola formación. A maior parte da xente que traballa

[...] nunca se investía na muller, ía para a seca porque aí non se precisaba capital, levabas o caldeiro e o rastrillo, as botas que os teus pais deixaban, os chaquetóns que metían auga por todos lados e iso xa en tempos mellores [...]

Isabel Pérez Fernández (á esquerda)



Vitoria Ouviaña Vieites



no marisqueo non ten formación ningunha, pero a formación abre a mente para cambios, transformacións... Hoxe en día hai lista e cómpre facer dous cursos ou tres da mesma materia. Niso todo fomos evolucionando, a nosa autoestima foi medrando.

Cando empezamos con Guimatur as compañeiras rebotábanse todas contra nós: «estas, que acaban de chegar, xa non queren traballar de mariscadoras, veñen aquí para poñer os tacóns e ir ensinar como traballamos as demais». Nas entrevistas sempre dicíamos que o noso principal traballo era o marisqueo, se actuabamos como guías turísticas do noso traballo, por así dicilo, era para que a xente vise o valor que tiña o traballo das mariscadoras, para revalorizar o noso marisco e que visen todo o proceso e para que a muller mesma ganase en autoestima. Comprobaron que primeiro iamos traballar no marisco e despois saíamos a facer a ruta. As compañeiras axudábanos a facer o tope. As persoas visitantes preguntábanlles polo traballo e elas empezaron a valorar o seu traballo a través do que vían non ollos dos demais. Cambiou totalmente a forma de ver as mariscadoras e o mundo do mar. Temos que preservalo, porque os nosos devanceiros e devanceiras loitaron moito por deixarnos isto e temos a obriga de pasarllo as xeracións vindeiras. Ademais aquí non hai outra fonte de ingresos.

[...] o mundo do mar. Temos que preservalo, porque os nosos devanceiros e devanceiras loitaron moito por deixarnos isto e temos a obriga de pasarllo as xeracións vindeiras. Ademais aquí non hai outra fonte de ingresos

M^a José Cacabelos Domínguez (á esquerda)

M.^a Jesús Martínez Blanco: Eu veño tamén dunha familia de mariscadoras, pero empecei a mariscar moi tarde. Cando rematei a escola, púxenme a traballar nun comercio. Despois casei, tampouco tiña quen me coidase os meniños, porque vivía co me home e o meu sogro, e o meu sogro..., se fose unha muller coidaba, pero un home non. Así que por entón non traballaba, sentímben un tempo. Hoxe xa non penso así, penso que é un erro dos máis grandes. Pero chegou un momento en que me sentía mal. Teño un home, neste aspecto, marabilloso, el nunca me pedía contas de nada, mais eu pensaba e se mañá nos separamos ou temos a desgraza de que un morra? Eu sentíame unha mantida. Empecei a buscar traballo.

No marisqueo xa existían os carnés, xa non podía ir calquera. Houbo unha serie de reunións para a xente que quería obter novos carnés e asistín a todas. Obtiven o carné e sintome moi orgullosa de ser mariscadora. Empecei no ano 1996. Sabía ben as que pasara miña nai e o duro que era o traballo, pero eu quería ir á ribeira doutra maneira, xa empezaban a vir os traxes de neopreno. Xa tiña coche daquela, vivo máis preto da praia do que vivía a miña nai. Sintome privilexiada neste aspecto.

Comecei a mariscar con ela, ao sacho. Na mesma praia hai unha zona onde se traballa con gancha ou raño e noutra zona onde se traballa con rastro ou sacho. Onde hai auga trabállase con raño. A miña nai sempre traballou ao sacho, ela, pobre, ao que foi acostuada, pero á gancha gánase moito máis. Tiña amigas que ían ao raño e pensei eu tamén teño que me acostumar. Probei un día e ben..., xa non son os cartos, e que me sinto moito mellor!, vou un día ao sacho e collo unhas maniotas que estou unha semana...!



Como dixeron as compañeiras é un traballo moi libre. Onde está a ría de Pontevedra hai tres confrarías: a de Lourizán, a de Pontevedra e a de Raxó. Antes como en todas partes, era marisqueo libre. Cando eu empecei xa estaba todo controlado pola Consellería de Pesca. Non tiñamos agrupación daquela, non había topes, os compradores pagaban o que lles parecía e a quen lles parecía. No ano 2000 as tres confrarías fixeron un plan conxunto, xa só podían acceder as persoas que tivesen o PERMEX a calquera das praias e de calquera das tres confrarías. Puxeron unha lonxa en Campelo, rexida polas tres, onde se vende o marisco. Empezou a Seguridade Social obrigatoria. Sentínme moi ben. Ata con tan boa sorte que me apuntei a primeiros de ano e cando se fixo obrigatoria foi no mes de setembro e a consellería deu unhas axudas de 200.000 ptas. A raíz de aí moita xente deixou o PERMEX, porque pensaba que non había quitar para o seguro e equivocáronse. Unha vez que se montou a lonxa, acordouse cobrar por semana, se imos traballar esta semana, cobramos na semana seguinte, e había xente que non quería, pero enseguida nos adaptamos. Fixemos despois a agrupación de mariscadoras, fun presidenta, neste momento xa non o son, si membro da directiva. Temos un tope de capturas, neste momento, 10 quilos de xapónica, 2 de fina e 5 de berberecho. Cada mariscadora sabe de sobra cal é tamaño que ten que coller, pero aínda así..., na lonxa hai unhas persoas cunhas peneiras e o pequeno devólvese a praia, porque facerlle levar o calibre a cada unha... É a solución, pero ten que chover aínda moito para que a xente entre polo aro!

M.^a José: Ah, pois preguntalles a Isabel e mais Vitoria, estas marcaban cruces! Cando te pasabas, cruz!

Isabel: Pesca díxonos ben claro que pasarse 100 gr dun quilo era unha multa, 6 unidades xa facían os 100 gr. Entón se M.^a José traía hoxe 6, unha cruz; ao día seguinte, outras 6, o mellor da fina, que é a que vale máis, e o terceiro día, da xapónica... Nós que eramos maiores colliamos o cacharro da ameixa e plas!, para o mar! Marchaba para a casa. Protestaban, claro, pero lles dicíamos, «pois mañá vén a Xunta e méteche unha multa de 25.000 ptas.», porque verdadeiramente era así. Houbo quen repetiu catro ou cinco veces as tres cruces, pero tamén houbo quen, coma esta [sinala a Vitoria], non levou ningunha. Porque ela era da directiva, pero tamén unha mariscadora máis! Eu tampouco me permitín nunca chegar a ter unha cruz.

M.^a José: Con quen máis houbo que loitar foi coa xente maior, que estaba afeita a traer de todo.

Vitoria: Antes de ter a agrupación, no verán, viñan os mariñeiros co contramestre, puñanse enriba da torre un deles e a calquera muller que visen por alí berrábanlle «escapade!». Entón nós sentíamos o berro, levantábase a cabeza e ao ver o gorro que traían os mariñeiros brillando, corriamos, unhas para terra, outras para o mar. Escapabamos por onde podíamos. Ti acórdalo coma min [diríxese a Isabel]: a Garda Civil, a cabalo, os da Xunta, en moto, os mariñeiros, en moto, os da Xunta, no helicóptero..., quen ganou? Nós!! [risas]. Levabamos uns pantis, cosíámolos na cintura e facíámoslles uns buratos nas puntas dos pés, apañabamos as ameixas e as iamos botando nos pantis, nun lugar seco, cando xa pensabamos que tiñamos o día ganado, amarrabamos os pés dos pantis e puñamos unha perna por diante do corpo e a outra por atrás, despois puñamos por riba a roupa de augas ou as chaquetas amarradas a cintura e



xa estaba. Entrabamos todas delgadas e saíamos todas gordas [risas]. Un día subindo polo matadoiro había un coche da Policía Autonómica e dicíanse entre eles, «joder, estas mulleres de Cambados están todas gordas!». Con iso de que a un home dáballe un pouco de aquel tocarlle a unha muller, nós campabamos ás nosas anchas. Pero un día, da Policía Autonómica viña unha muller e estaban no mesmo sitio. As mulleres que pasaran antes, que puideron escapar, viñeron polas laxes arredor do Mar de Frades e avisáronnos. Cando pasamos, como había unha muller que nos podía cachear, non levabamos nada e dicían eles, «pero se esta muller estaba onte gorda coma unha vaca!» [risas]. Temos feito as de *Dios y su madre*, pero había que zafar o día.

A: Susana, desde a túa experiencia como percebeira, en que sentido a organización das mariscadoras vos serviu a vós?, ou non.

Susana González Álvarez: É distinto. Eu ademais de ser percebeira son presidenta da Agrupación de Percebeiros e Percebeiras de Baiona. O percebe, para ben ou para mal, é un sector que xera motísimo diñeiro. Se na praia hai furtivos, no percebe é bestial. E hai furtivos externos e internos. Antes de constituír legalmente a agrupación cada quen facía o que podía e como podía. Entón o percebe estaba moi castigado, esquilado, o prezo regalado, porque os compradores marcaban eles o prezo. Cando aconteceu o do *Prestige*, que a nós en Baiona tamén nos afectou un pouco, non tanto coma no norte, as illas Cíes fixeron de barreira e salvaron a nosa ría levando elas a peor parte, pero si que entrou un pouco nunha zona de moi bo percebe e os percebeiros de Baiona estivemos parados catro ou case cinco meses. Nós estábamos aínda desorganizados, houbera varios intentos de agrupación no sector, pero como traballa-

bamos percebeiros a flote e percebeiros a pé e homes e mulleres no mesmo plan conxunto, e é un sector moi machista, as anteriores agrupacións non duraron moito, porque hai moito delincuente e moito salvaxe dentro dos profesionais. Ocorrían cousas como que desaparecía unha *planeadora* que era legal e denunciaba aos outros e aparecía queimada ou afundida, coches rebentados... as agrupacións non duraban moito, porque a xente das directivas tiña medo, estaba moi castigada por este tipo de accións.

Durante o parón do *Prestige*, estivemos sen traballar e limpando as rochas. Era o que dicías ti [diríxese a Vitoria], cando chegou un compañeiro á lonxa coa mostra de que o chapapote entrara en Baiona, puxémonos a chorar todos e foi cando apreciamos o que tiñamos e perdíamos. Fomos todos para a costa, a limpar, a paralo para que non entrase máis na ría. Formamos unha agrupación, onde saín eu de presidenta, no medio de tantos homes.

Veño dunha familia de percebeiros, miña nai e o meu pai o eran, tamén as miñas dúas avoas, tíos... Eu vivino sempre moito, aínda que tamén empecei tarde porque estiven estudando e traballando en varios sitios. Empecei no percebe co carné dunha irmá miña que non ía. Era algo consentido pola confraría, mais ilegal. Non podía ter un seguro do mar, quería vender ao meu nome e non podía, enfrontábame moito aos homes, porque é un sector onde ás mulleres non se nos quere. Nós apañabamos 3 quilos, eles 5, porque eles mantiñan familias e nós estábamos alí para o pan e o leite e os nosos vicios. Eu sempre me rebelei contra iso. Cando traballaba co carné da miña irmá chamaban á Xunta, chamaban á Policía Autonómica para botarme fóra do mar. Tiven a sorte de que un armador que tiña barco de percebe ofreceume a posibilidade de enrolarme



no barco para poder ir eu legalmente. Non o pensei dúas veces. Fixen cursos de supervivencia, salvamento, contra incendios, radiotelefonista, despois fixen patrón local de pesca, non me conformei e son patrón polivalente de pesca, podo levar un barco de 20 m de eslora, 400 cabalos de potencia, podo viaxar a máis de 200 millas da costa. Os meus compañeiros non poden facer nada diso.

Eu empecei entón legalmente no percebe traballando nun barco. A partir de aí foime fácil conseguir o PER-MEX, porque cando se convocou eu tiña moita máis puntuación por esta experiencia e todos estes cursos. O primeiro que fixemos na agrupación en asemblea xeral foi un réxime interno con procedemento sancionador e contratar un servizo de vixilancia propio. Primeiro tiñamos que acabar co furtivismo interno. Comprometémonos todos a poñer unha cota ao mes, pedimos as axudas da consellería e contratamos catro vixilantes.

O traballo de percebeira encántame. Gústame ir ao mar, entrar ás pedras a nado, onde van os homes vou eu tamén, compito con eles no faga falta. Como presidenta, levo agora sete anos e a miña vida cambiou moito, porque teño que imporme nun mundo de homes no que non se me quere. Na agrupación anterior tiveron o mérito de conseguir igualar as cotas para mulleres e homes, que aquilo fora unha guerra. E aínda así, o noso percebe na poxa púñano aparte, primeiro vendíase o deles, malia que fose máis ruín. Os homes, cando empezaba a poxa, estaban dentro das barreiras, pasándolles a man polo lombo aos compradores para irles ensinar as caixas deles, as mulleres estabamos fóra. Cando empecei como presidenta iso acabou todo, as normas aprobáronse en asemblea xeral e unha vez ratificadas pola Consellería de Pesca, iso é lei. Non sei se sabe-

des, o percebe ten un regulamento específico e é moi importante cumprir a normativa. Metemos o servizo de vixilancia e empezamos a traballar duramente. O primeiro ano foi brutal, ás veces os catro vixilantes tiñan que rodearme no peirao para defenderme dos homes. Non podía saír de noite co meu home, porque como a min non se atrevían a baterme buscaban provocalo a el. Eu xa tiña un coche especial para ir ao mar, cando non aparecía a pechadura no chan, tiña o de diante atrás ou as rodas rachadas ou me roubaban a roupa de cambiarme ao saír do mar, nin vos imaxinades. Eu traballo coas miñas irmás, somos catro mulleres e agora as catro, percebeiras. Cando entramos a pedras perigosas eu, que nadaba diante, levaba un cabo de seguridade e atábao en terra. Por tres veces nos picaron o cabo. Que unha cousa é entrar a unha pedra e outra ben distinta cando tes que saír, que o mar vén batendo para arriba, as correntes están dobradas, ves co saco ao lombo, a rasca, e chegar e non ter o cabo! Isto, os de dentro!

Antes de montar a agrupación, a persoa percebeira de terra (no mar sempre se gaña un pouco máis) que facía 100.000 ptas. ao mes xa ganaba unha fortuna, e non se chegaba case nunca a iso. Como se pagaba pouco, todo o mundo traía canto podía e canto máis se traía, menos valía. En canto fixemos esta última agrupación e volve-mos ao mar despois do do *Prestige*, foi todo de maneira

Durante o parón do *Prestige*, estivemos sen traballar e limpando as rochas [...] Fomos todos para a costa, a limpar, a paralo para que non entrase máis na ría. Formamos unha agrupación, onde saín eu de presidenta, no medio de tantos homes

Susana González Álvarez



controlada, con tope de capturas e sen vender ninguén fóra da lonxa. Eu, sendo unha persoa de terra, chegaba aos 2500-3000 € ao mes, traballando 7, 8, 10, 12 días como moito no verán, que as mareas son máis longas e hai máis horas de día, en 2 ou 3 horas ao día, o que dure a marea. Parece que a todo o mundo lle viñeron as luces, porque estiveramos facendo realmente o parvo, traballando día e noite, esquilmando o recurso, para ganar case nada. Os de a flote, había barcos que estaban ganando 6000 € ao mes por mariñeiro. Porque claro, os barcos teñen alternancia de arte, cando non van ao percebe, van a outra cousa.

Nós agora temos un equipo de 6 vixilantes que traballan cubrindo as 24 h do día, os 365 días do ano. Só hai vixilancia no percebe, dentro da confraría. Somos actualmente 135 percebeiros e percebeiras, a pé e a flote. Precisamos manter esta vixilancia polo furtivismo interno. Porque se un percebeiro saca un saco *de estrangis*, agora que non hai percebe, vanllo a seguir pagando igual de ben. Así que temos aí unha ducia que non se aveñen...! O furtivismo duro está a flote. Cando empezamos no 2003 eramos máis percebeiros a pé, case todas mulleres, 76 a pé e 74 a flote. Pero a maioría da xente estaba con nós. Asesorábonos con avogados e coa Xunta. En toda Galicia fomos única confraría capaz de deixar un ano sen traballar na casa a dous furtivos de dentro. Mandáronnos aos seus avogados, tivemos ameazas... Non cedín o máis mínimo, eu non saía do xulgado. O primeiro ano foi moi duro, pero sentei unhas bases moi sólidas. A xunta directiva apoioume sempre. Elas e eles tamén o pasaron moi mal. O meu matrimonio resentíuse.

Sabedes que o PERMEX cando a xente se xubila pérdese. Pasamos de ser maioría a pé a estarmos en minoría.

Os de a flote o que fixeron foi largar fóra a xente máis honrada e empezaron a meter contrabandistas, maltratadores, ladróns, unhas xoias!

Quédame un ano para facer os oito, que van de catro en catro, eu espero poder retirarme de presidenta. Creo que xa fixen o que tiña que facer. A estes furtivos os temos controlados, teñen medo, como non se atreven na nosa confraría vanlle roubar aos da Garda. Temos un despacho de avogados traballando só para a nosa agrupación do percebe, e só por dous furtivos externos, tivemos quince xuízos o ano pasado. Pero son insolventes, así que tanto lles ten. Agreden aos nosos vixilantes. Á lancha de vixilancia cada quince días rebéntalle o motor.

O problema máis grande que temos agora é o seguinte. Cada vez que hai eleccións á xunta directiva do percebe, os furtivos preséntanse sempre, mais non saen nunca. Pero cando o ano pasado se convocaron eleccións para a xunta xeral da confraría, como os de a flote poden censarse no recurso que máis lles interese, dependendo dos PERMEX que teñan no seu barco, estes todos organizáronse, fóronse do censo do percebe, onde non tiñan nada que facer, para censos de artes menores. Moitos mariñeiros prefiren vender por fóra da lonxa, porque son cartos en negro. Estes tíos que se cambiaran para artes menores, a propaganda electoral que fixeron foi que se gañaban, Baiona ía ser territorio de libre albedrío, mais como gañase Susana e a xente que estaba con ela, o que facía no percebe ía estendelo aos outros recursos. Arrasaron! Con dicirvos que na xunta xeral, de 22, estou eu soa e o resto son todo furtivos! Temos de patrón maior o líder destes elementos. Levamos case un ano en que todo o esforzo que se fixera na agrupación do percebe está indo para atrás. Xa tiñamos controlado o furtivismo e estabamos investindo noutras



cuestións como o percebe enlatado, tivemos que deixar todo empantanado e só estamos a defendernos dos ataques da xunta xeral da confraría. Eu como presidenta da agrupación do percebe presentei a finais de ano o plan de explotación e a xunta da confraría presentou outro botando abaixo todo o que eu tiña. É indignante que se consinta que un individuo que ten moreas de expedientes poida ser patrón maior!

Queda aínda moito por mellorar. Pedimos a redución na idade de xubilación, así como o recoñecemento de enfermidades profesionais por sermos un sector de risco, pero nada. Temos seguros privados, porque sufrimos caídas, roturas de ósos, polo que estamos bastante de baixa e para compensar temos estes seguros. Precisamente hai compañías que se negan a asegurarnos, polo risco, así que é un contrasentido que ese risco non o recoñeza a Seguridade Social. Tamén desde a nova dirección da Xunta estase a ver se se pode considerar delito penal o furtivismo para xente xa sancionada e reincidente, que ata agora é falta administrativa, pero isto vai para longo.

Geli, por favor, como é a situación no sector das redeiras?


Geli Martínez Sotelo: Eu coñecín a profesión de redeira de toda a vida, porque a miña nai o era e aos 12 anos, nos veráns, tamén os sábados durante o curso, empecei a ir a traballar con ela para aprender. Enganchoume, porque é unha profesión moi creativa. Por aquel entón as condicións eran moito peores, porque se traballaba á intemperie. Despois xa pediron que se construísen naves e fixérono por toda Galicia.

Realmente o gran cambio veu a partir do do *Prestige*. Nós eramos afectadas practicamente directas, porque os barcos non podían saír ao mar, entón nós quedaba-

mos sen traballo. Recibimos as axudas coma eles, cinco meses, pero cando se abriu a saída ao mar atopámonos con que seguíamos sen traballo. Aí foi cando me din conta da tremenda invisibilidade das mulleres, como os barcos pescaban, a ninguén lle importaba que nós non tivésemos traballo. Porque había peixe, pero no limpo, sardiña, por exemplo, que é peixe de altura, pero na pedra non había peixe ningún; ao non ir os barcos á pedra, as redes non rompían e se estas non rompen nós non temos traballo. En Cangas estivemos case dous anos sen traballar e algunhas redeiras o deixaron, buscaron outros traballos, había meses en que non sacabamos nin para o seguro. Eu mesmo cheguei a preparar unhas oposicións. Pero unha compañeira, que ama este traballo tanto coma min, animábame a continuar, dicía que tiñamos que loitar por el. Xa lle dedicamos demasiadas horas, pois é un traballo moi difícil, para deixalo así sen máis. Para ser unha boa redeira do cerco precísanse cando menos cinco anos de aprendizaxe.

Despois, cando foron as eleccións municipais, veu a Cangas Carme Adán, antes de ser Secretaria Xeral de Igualdade, eu comenteille a nosa problemática. Ela non sabía que era unha redeira, nunca escoitara falar do noso traballo. A cousa quedou aí.

Queda aínda moito por mellorar. Pedimos a redución na idade de xubilación, así como o recoñecemento de enfermidades profesionais por sermos un sector de risco, pero nada. Temos seguros privados, porque sufrimos caídas, roturas de ósos, polo que estamos bastante de baixa e para compensar temos estes seguros



Cando se viu que o sector do marisqueo funcionaba, que fostes un exemplo para nós, a consellería empezou a buscar redeiras por todos os portos. As redeiras de Cangas, que nos dedicamos ao cerco, xa estaban constituídas en asociación desde 2004, pero non formabamos parte da federación, aínda que xa moitas asociacións formaban parte dela. Desde a consellería estiveron seleccionando vinte redeiras de toda Galicia para facer un curso de formador de formadores en Marín. De Cangas saímos seleccionadas esta compañeira da que falaba antes e mais eu. Nese curso, todas as demais redeiras estaban na federación, alí empezamos a saber cal era o traballo da federación. Un día veu a darnos clase Pencha Santasmarinas, cando a escoitei falar comprendín todo, todo o que fixera coas mariscadoras, cal era o seu esforzo, o que ela pretendía. Tiña toda a razón, era moi importante a unión para poder mudar a situación. Nós falamos na nosa asociación e integramonos na federación. Houbo máis adiante unhas eleccións e eu saín de presidenta da federación. Ao chegar a federación decateime de que había quen estaba peor ca nós, as redeiras de artes menores e de palangre podían ganar 2 ou 3 € á hora, as do cerco –que somos as que máis ganamos, porque é un traballo moi especializado–, andamos a 5 € á hora, aínda así é unha miseria [peor pagado que o traballo doméstico]. O traballo das artes menores ou palangre é bastante sinxelo, trátase de armar e calquera persoa aprende a facelo enseguida, e eses traballos habitualmente realízanse nas casas, por iso é que hai un montón de persoas que o fan de xeito ilegal: xubilados, amas de casas, mariñeiros prexubilados... Como teñen unha fonte de ingresos principal por outro lado, traballan nisto a uns prezos miserables, pero con iso obrigan á traballar ás redeiras profesionais a eses prezos, se queren traballar. Unha situación moi complicada. Elas traballan habitualmente para as tendas de efectos navais e son as tendas as que lles venden esas pezas aos barcos, mentres que as redeiras do cerco traballamos directamente para o armador, sen intermediarios polo medio. Por entón a nosa idea

desde a directiva, no canto de ganar unha miseria pola man de obra, tiñan que agruparse e crear unha cooperativa que vendese o produto final.

Cando se fixo cargo do goberno da Xunta o bipartito e Pencha entrou a traballar en Igualdade, suxeríume a idea de que fose a falar con Carme Adán. Falei con ela e conseguimos facer o programa Arlinga, procurando darlle visibilidade á profesión, fixemos un documental, cursos de formación para intentar crear esa cooperativa, ela pensaba en darnos unha axuda para facer un comercial... Xa empezabamos a facer ese traballo por nós mesmas. Conseguimos que as redeiras da Asociación da Garda, que son de artes menores, comezasen a traballaren en cooperativa directamente cos barcos e íalles moito mellor, pero claro, na Garda precisamente hai 10 redeiras legais fronte a unhas 300 ilegais, e as tendas de efectos navais aínda baixaron máis os prezos. Actualmente a cooperativa esta parada, as de artes menores deixarán de traballar a este paso, porque así non aguantan. As mulleres teñen que traballar nas naves, non na casa.

Queda moito traballo pendente. Urxe facer un censo de redeiras que pode levar a proia federación. Pedimos unha cualificación profesional acreditada de xeito académico, a través da federación, porque tiñamos un problema de relevo xeracional, cando as mulleres de corenta e tantos anos morresen extinguiríase unha profesión específica de Galicia e propiamente feminina. En 2009 saíu a cualificación profesional con 400 horas lectivas, que esixe que se aprendan todas as artes. Cómpre tamén facer un selo de calidade para as redes feitas polas profesionais, redes biodegradables. ■

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesanl.org

Nome:

Apelidos:

Enderezo

C.P.:

Localidade:

Telf

Cuota anual:

30,05 euros.

12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:



Mardelira.

un proxecto de desenvolvemento integral e sustentable da comunidade pescadora do porto de Lira

M. TILVE

Nas vésperas do desastre do *Prestige*, no porto de Lira, onde se ven dando un abandono constante da actividade pesqueira, a confraría de pescadores comeza a pensar alternativas que garantan a viabilidade do seu traballo. A súa participación en Lonxanet Directo, SL e o éxito acadado por esta, ánimaos a continuar na busca de novas actuacións que dinamicen a comunidade pesqueira.

A crise do *Prestige*, reforza e acelera a busca de alternativas e a confraría elabora un proxecto integral de sustentabilidade da comunidade pescadora que acaba sendo coñecido por Proxecto Mardelira.

As liñas que definen o proxecto son:

1. Coñecer a cultura mariñeira para respectar o mar e dignificar a profesión dos pescadores.
2. Mellorar a comercialización para recuperar os recursos.
3. Actuar para defender a sustentabilidade económica, cultural e social da pesca.
4. Defender, xunto a outras comunidades pesqueiras, unha pesca artesanal sustentable.
5. Incorporar ao proceso a toda a comunidade con especial atención ás mariscadoras.

Os esforzos do proxecto diríxense a recuperar o prestixio social da profesión de pescador e de mariscadora, a atraer á pesca á xente nova para que se produza o relevo xeracional garantindo, desta maneira, a continuidade da actividade, a implantar sistemas de pesca sustentable, que avalen a viabilidade da actividade pesqueira conseguindo o maior valor engadido dos produtos pesqueiros no porto, polo que non só se incide na mellora das condicións de primeira venda, senón que tamén se trata de desenvolver liñas que o incorporen mediante procesado e primeiro manipulado.

Os obxectivos destes programas son dar a coñecer e divulgar a pesca e os principios da pesca responsable e sustentable na sociedade [...]

A realidade de *Mardelira*

No marco do proxecto puxéronse en marcha unha serie de actividades das que se deben destacar o *Taller de pesca* e as saídas en buques de pesca coñecidas como *Turismo Mariñeiro*. Os obxectivos destes programas son dar a coñecer e divulgar a pesca e os principios da pesca responsable e sustentable na sociedade, especialmente no ámbito escolar, que se acheguen a realidade da pesca como unha profesión digna e inverter a imaxe negativa que se ten do traballo no mar.

O *Taller de pesca* estrutúrase en tres programas:

Iscar dirixido aos escolares dos centros do entorno próximo, coa finalidade de achegalos ao mundo da pesca e mostrarlles a actividade pesqueira como unha posible alternativa profesional.

Mar de Lira dirixido a escolares de Galicia, ten como finalidade achegar a estes ao mundo da pesca e mostrarlles a realidade da actividade pesqueira.

Andar ao mar dirixido ao público en xeral, busca dar a coñecer o mundo da pesca artesanal e os seus valores, estimando os seus produtos.

Cara a comunidade o *Taller de pesca* é a actividade onde os pescadores pero sobre todo as mariscadoras fanse visibles ao participar como guías das rutas organizadas e explicar como é o seu traballo.

Desde o inicio máis de 10.000 persoas realizaron algunha das súas propostas e compartiron unha xornada coas mariscadoras e pescadores de Lira.

Mellora da xestión da pesca

O elemento central de todo o proxecto é a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro de Os Miñarzos. Creada en 2007, cunha extensión de 2074 ha conta con dúas zonas de reserva integral onde non é posible a pesca. No resto a pesca está regulada de maneira máis restritiva. A maior achega da reserva é o sistema de xestión participativa no que un órgano paritario da Administra-



ción e pescadores toma as decisións sobre como administrala.

No tempo transcorrido rexístranse notables melloras na situación dalgunhas especies, como é o caso do percebe, e noutras hai indicios positivos que deben ser confirmados.

Mellora da comercialización

A participación da confraría na creación de Lonxanet Directo, SA foi o impulso inicial para poñer en marcha o proxecto global. A pesar da crise producida na mesma polo afundimento do Prestige, hoxe recuperou a súa dinámica e comercializa unha parte dos recursos extraídos. Unha peixería no madrileño Mercado de San Miguel é o seu *escaparate* á sociedade.

Por outra parte, a posta en marcha dunha cooperativa de traballo asociado formada por sete mulleres mariscadoras, na que a confraría é socio colaborador, que ten como finalidade o procesado e a comercialización da produción propia e/ou produtos que ad-

quiren na lonxa e a prestación de servizos turísticos. Logo de dous anos de funcionamento, a falta de ourizo para procesar e a competencia desleal da economía mergullada motivou que as mulleres socias decidisen manter a cooperativa sen actividade ata que veñan tempos mellores, aínda que seguen participando como guías no proxecto.

O sentido social

Un dos maiores valores do proxecto é a súa visión do social como parte do mesmo. Non só se dirixe ao desenvolvemento da comunidade integrando na medida do posible as actividades non pesqueiras, visibilizando o papel das mulleres na pesca ou achegando á xente nova a actividade pesqueira, senón que traspasa o seu propio ámbito creando con outras comunidades de pescadores artesanais do mundo a *Rede de Comunidades de Pescadores Artesanais polo Desenvolvemento Sustentable* RECOPADES, para apoiar a estas comunidades alí onde os intereses políticos, económicos ou as actuacións da chamada pesca industrial as poñen en perigo (ver anexo I).

O proxecto *Mardelira* ten o valor de ser pioneiro, de como unha pequena comunidade pode afrontar iniciativas cunha visión global, orientadas ao mantemento da comunidade pescadora no seu conxunto, nun claro exemplo do que é a sustentabilidade, marcando un camiño para moitas pequenas comunidades pesqueiras artesanais, tan en perigo pola globalización. ■

No tempo transcorrido rexístranse notables melloras na situación dalgunhas especies, como é o caso do percebe, e noutras hai indicios positivos que deben ser confirmados

Manifeso de Lira (anexo I)

► RECOPADES está aberta a outras comunidades de todo o mundo que compartan obxectivos comúns e aposten pola cooperación e por realizar esforzos para concretalos.

► Desenvolvemos accións nos campos social, económico, cultural, ideolóxico, co fin de utilizar racionalmente os recursos pesqueiros e lograr a dignificación da profesión de pescador/a artesanal.

► Defendemos a pesca artesanal como unha actividade que permite empregar de xeito sustentable os recursos renovables acuáticos e redistribuíndo de xeito equitativo os seus beneficios.

► Buscamos a mellora da calidade de vida das comunidades pesqueiras do mundo a través do fomento das pequenas economías e do desenvolvemento local.

► Estamos interesados en garantir a trazabilidade dos nosos produtos para contribuír á seguridade alimentaria da poboación consumidora.

► Desexamos comunicar, difundir e poñer en común as nosas iniciativas co resto da sociedade civil, institucións e outros sectores.

► Reivindicamos o noso dereito a ser recoñecidos como xestores ambientais e polo tanto, a participar nos espazos correspondentes de elaboración de políticas de xestión dos recursos acuáticos.

Manifeso asinado en Lira, o día 18 de novembro de 2004, pola Confraría de Pescadores de Lira, Cofradía de Pescadores de la Isla de El Hierro, Artesanos do Mar-Aldán (España), Puerto Madryn-APAPM (Arxentina), Laguna de Rocha-APALCO (Uruguai) e Caletas sustentables (Chile).





Revistas



Ardentía: Revista Galega de Cultura Marítima,

núm. 4 (marzo, 2007)

O mar tamén ten mulleres

NANINA SANTOS

Este número da revista dirixida por Luís Rei, conta no seu consello de redacción con Francisco Fernández Rei, Ivone Baptista, Emilio X. Insúa, Dionisio Pereira e Lola Varela e está integramente dedicado ao mar. O título da publicación muda aquel coñecido verso da cantiga do sacristán de Coimbra: *o mar tamén ten muller*.

Noventa e seis páxinas máis capa e contracapa, limpa e lindamente editadas e ilustradas, onde se recollen traballos ben diversos dos que paso a dar conta:

► «O VIII Encontro de embarcacións Tradicionais de Galicia», Ferrol, preámbulo de Brest 2008.

► «Realidade e perspectivas do traballo feminino no mundo do mar», asinado por Y. ZOTES TARRÍO, M. L. CHAS AMIL, C. S. VILLASANTE, da Universidade de Santiago de Compostela. Incide o artigo na idea do non recoñecemento da forza laboral feminina no sector (extracción de recursos, transformación, comercialización e servizos relacionados), pese a súa relevancia. (pp. 10-15).

► Esperanza PIÑEIRO DE SAN MIGUEL e Andrés GÓMEZ BLANCO, «Coa fortaleza dos cantís. Aquelas mulleres do mar de Ferrolterra e Ortegal» (pp. 16-21). Fálanos dese mundo que xa apenas vemos nin recoñecemos. O mundo do duro traballar de mulleres, nas fábricas de salga e conserva, redeiras da factoría ferrolá de bacallau, PYSBE, de marisqueo a pé ou a flote, da descarga de peixe nas praias e do carbón e o sal case sempre procedente de Asturias en patchos que remataban nas praias e elas, de carreteiras con paxes á cabeza meténdose na auga para cargalo. Un mundo que nos lembran mulleres de 70, 80 e 90 anos, de Cariño, de Ferrol, de Ortigueira, de Cedeira, do Barqueiro. Testemuños recollidos polas autoras (léase persoas). É ben emocionante constatar canto lle debemos a todas esas mulleres e que pouco llo recoñeceron e lle recoñecemos o traballo e todo o que nos deixaron en herdanza.

► FRANCISCO FERNÁNDEZ REI, «Unha vida entre peixe e salitre» (pp. 22-29). Conta Francisco de Xenxa Rei, unha historia de vida, a da súa nai, nacida en

**Un traballo fermoso,
coidado, con artigos de
moito interese e de lectura
doada ao que se cadra
lle cumpría maior
difusión**

1925 no barrio mariñeiro de Fefiñáns. Xenxa, é filla e neta de peixeira e *reghateira*. Un oficio exercido primeiro polas aldeas do Salnés e posteriormente na praza de abastos da vila. Memoria dun mundo que tamén xa se foi, ilustrado coas palabras da propia Xenxa e con fotos de traballo e de lecer. Sobre todo e máis que nada, de traballo, porque así foi a súa vida e a de mulleres como ela. Remata o artigo o autor lembrando que:

As mulleres da clase mariñeira de Cambados, que tan decisivo papel tiveron no desenvolvemento económico do concello, incomprendiblemente aínda non teñen o seu monumento. [...] non estaría de máis pedir que se levante nese paseo unha galería de personaxes que representen esas abnegadas mulleres mariñeiras: a atadora de redes do cerco e doutros aparellos, a muller que traballa na conserva, a mariscadora, a reghateira, a carrexona...

Sería unha boa maneira de os cambadeses mantermos acesa a lembranza de xente que nos precedeu e que nos transmitiu a vida e a fala, a lembranza de tanta xente humilde que viviu con orgullo e con moita dignidade.

E engado eu, un xeito tamén de desfacer esa teima clasista e/ou elitista de só lle dedicar monumentos e placas aos patricios, santos, políticos, artistas... e para máis, case sempre varóns.

► Dionisio PEREIRA, «As barreiras teñen nome de muller» (pp. 30-35). Fálanos Dionisio Pereira daquel traballo de recoller arxila branca para os altos fornos de Bilbao e Sagunto, nas terras de Noalla, Vilalonga, Sanxenxo. Duro, duro traballo da lama, oficio propio do territorio entre Cambados e O Grove, en mans de mulleres. O autor recupera os testemuños do ano 1946. Ramón Valenzuela e Mariví Villaverde deixaron constancia daquelas mulleres e das súas

loitas reprimidas en malleiras soberanas pola Garda Civil ao servizo dun empresariado cutre, mesquiño e explotador, que levaba tempo enriquecéndose a costa da suor, do traballo e da saúde das mulleres, apenas unhas rapaciñas, que viñan a andar moi cedo desde distintos sitios da comarca co cesto da comida para botar o día na barreira. Debruzadas no carreiro do barro desde a mina á superficie, cobrando o mesmo que cobrarán as súas nais había vinte anos. Segundo Adela Leiro: 9 reais por día completo.

► Interesante o artigo de Ramón VALENZUELA, titulado «Arcilla branca» e publicado en *Galicia Emigrante* (núm. 33, 1958) que D. Pereira reproduce incluíndo as fotos, na p. 34 de *Ardentia*.

Remata o artigo coas disquisicións sobre as mulleres, os sufridos traballos e a beleza entre o viaxeiro inglés Richard Ford que deixara escrito na primeira metade do século XIX cando visitou Galicia que: «as mulleres galegas facían os traballos máis penosos, por iso a partir dos trinta anos perdían a súa belida condición» e ao xeito de ver de Ramón Valenzuela –e indubidablemente do autor do artigo engadiría eu– que,

O traballo escravo non impedía a fermosura, unha fermosura que non entendía de mans brancas, pel coidada ou talle de avespa propias do ideal feminino imposto polas capas acomodadas e ociosas; pero tamén deixou escrito que a beleza e a sensualidade daquelas princesas das barreiras tampouco escondía a infame e secular explotación da que eran obxecto.

► Lola VARELA, «As Xulianas de Bueu: Unha saga de subhastadoras de peixe» (pp. 35-38). Luísa Agulla Dopazo, unha das poucas mulleres subhastadoras de peixe que vén dunha saga de vendedoras na lonxa e na praza de Bueu, xa xubilada, fala da súa experiencia e das súas lembranzas.

Luis TEIRA: «Sálvora: Illa das mulleres salvadoras» (pp. 39-42). Artigo dedicado ás heroínas Cipriana Crujeiras, Josefa Parada, María Fernández e Cipriana Orujo que se empregaron a fon-

do para rescatar con vida ao maior número posible de pasaxeiros do vapor-correo *Santa Isabel*, afundido o 2 de xaneiro de 1921 perto da illa de Sálvora. Aquele naufraxio deixou 213 falecidos; 53 persoas foron rescatadas con vida, moitas delas grazas ao esforzo e entrega abnegada destas mulleres.

► Ivone BAPTISTA MAGALHÃES, João Paulo BAPTISTA, «Mulleres do mar portugués» (pp. 43-50). Entre outros, cónctannos os autores, o caso único da comunidade de mulleres pescadoras de Vila Chã. O texto ilustrado cunhas bonitas fotografías que dan conta, en inventario, das profesións desenvolvidas por mulleres no sector no norte de Portugal, entre Miño litoral e Douro, territorio atlántico.

► Orlando VIVEIRO VEIGA, «Entre os penedos do Narla» (pp. 51-52). Afluente do Miño polas terras montesías de Friol e Outeiro e a señora Paz que lembra como eran algunhas cousas cando a súa mocidade.

► Emilio Xosé ÍNSUA, «Bañistas labregas no mar galego de onte», candalaria, canónigas, canouras, carolinas, carrachentas, catalinas, mantidas, montañesas, palmatorias, poubanas (pp. 53-60). Un artigo de etnografía, de folclore, de socioloxía, a mar de interesante e como retrata aos nosos antepasados e os seus costumes, incluída a idea de que as praias eran para lecer de bañistas de clases medias e altas, a tenor dos alcumes apostos ás bañistas labregas e algúns artigos de prensa sobre as mesmas.

► Eduardo PARADA, «O rasto: a América dos que quedamos» (memoria de Manuel Parada Mascato) (pp. 61-67). É moi bonita esta memoria do rasto, unha arte para o marisqueo a flote que Eduardo Parada aprendeu sendo neno, co seu pai e de seu pai. *Un oficio moi caballero*. Unhas artes que tiñan calendario, faceres colectivos e oficios necesarios. Coller as varas en setembro e preparalas, armalas no rasto que había que preparar/ter listo antes xusto da veda que abría o 1 de outubro e *ala*, os

mariñeiros «ás américas» do marisqueo co rasto, o «birbiricho», a cadela fina, o «longheirón», para facer a casa ou reformala, para xuntar uns cartos que permitiran mercar a roupa no San Martiño, pasar o Nadal e gardar uns aforriños daquela impensables. Como evolucionou o rasto, a incorporación de motor ás dornas e como o raño actual e toda a tecnoloxía asociada a unha e outra fan precisa menos forza muscular e alivian o traballo, antes máis duro pero máis artesanal. Eduardo Parada garda con indubidable nostalxia desde os seus cumpridos 80 anos, no 2007.

É marabilloso ese coñecemento non só das técnicas de pesca senón do mar, dos ventos, das *marés*, un saber lonxano e impensable para as persoas legas. Chamados con nomes precisos, dito así:

Os mares máis frecuentados polos rasteiros do Ghrove eran o Ghalíñeiro, o Bao da Arousa e logho toda a costa do Ghrove como Cubreiro, Sinás, Cantareira, Boca de Lordelo, O Ghosente, Rons, Mighalliñas, Casoeiras, Meloxo, etc.

E cando segue: «Tamén se ten traballado en postas como» e inclúe 15 nomes máis sen marchar para a costa norte da ría.

► XLT, «Un testemuño sobre as mulleres armadoras no mar galego» (pp. 68-69). Iso, unha carta de Dolores Centeno Soto (1672-1950), armadora e empresaria á fronte dun estaleiro na Telleira (Canduas, Cabana de Bergantiños), para deixar constancia de que elas tamén estiveron aí, nesa faciana empresarial asociada ao mar.

► Carme HERMIDA GULÍAS, «A imaxe da muller nas cantigas do mar» (pp. 70-79). Onde a autora recolle varias cantigas e as ordena en tres grandes bloques, titulados: *A muller mítica: a serea*, e fatal, di a autora nas conclusións; *A muller protectora: virxes e santas* e *A muller real*, a do vivir cotián de par, ao lado, compañeira que fai un traballo asalariado –sería máis preciso, creo eu, dicir traballo pago, e mal pago, que non é o mesmo que asalariado–, coser redes,

Entre outros, cóntannos os autores, o caso único da comunidade de mulleres pescadoras de Vila Chã. O texto ilustrado cunhas bonitas fotografías que dan conta, en inventario, das profesións desenvolvidas por mulleres no sector no norte de Portugal, entre Miño litoral e Douro, territorio atlántico

apañar mexillón e caramuxo, vender sardiñas, do traballo doméstico (cocinar, lavar...).

► Apartir da páxina 80 e até o remate da revista atopamos unha sección de relatos. Nela inclúese o bonito traballo de Darío Xohán CABANA, titulado *A mariñeira de Quilmas*, sobre o que se fixo o guión da película *A mariñeira*. Temos ademais recensións-comentarios de libros de ensaio, novela e poesía que teñen en común ter o mar ou ser do mar: Jacobo BARROS, Hixinio PUENTES, Xabier PAZ, Xesús FRANCO, FRANCISCO FERNÁNDEZ NAVAL e por último o testemuño pictórico: «Pintoras do mar», alí está Balbina LÓPEZ SANTOS, de Celeiro.

Un traballo fermoso, coidado, con artigos de moito interese e de lectura doada ao que se cadra lle cumpría maior difusión.

Unha cuestión que é ben tamén non pasar por alto: no elenco de autoras (volva lerse persoas) a nómina de mulleres é parca, exigua. Non entra en contradición ese *O Mar tamén ten mulleres* coa práctica de: *das mulleres basicamente falan os homes?*

Deixando sen resolver esas iniciais Y, ML, CS (xuntas no mesmo artigo), XTL, EXIL (na sección literaria), cinco firmas que non apoñerei a ningún dos xéneros formalizados, as mulleres que participan na revista son Carme Hermida, Ivone Baptista, Lola Varela, Esperanza Piñeiro e a reportaxe gráfica de Adela Leiro: un total de cinco.

A participación varonil: Darío Xohán C.; Emilio Xosé I.; Orlando V.V.; João Paulo B.; Luis T.; Dionisio P.; Francisco F.R.; Fernando P.; Arturo L.; Luis R.; Andrés G.B.; Ramón V.; Eduardo P.: trece.

Calculando así, de dezaseis persoas *localizables* a estes efectos e para quen isto escribe, cinco son mulleres. É dicir, unha participación do 27,77 %.

Outros cálculos. Dos vinte artigos asinados dous teñen autoría feminina, dous son compartidos masculina e feminina, catro en total son *non localizables*, xenericamente falando (2 EXIL, 1 XLT, 1 Y-ML-CS) e por último doce son de autoría varonil.


Non é irrelevante desde logo aínda que a revista siga tendo todos os merecementos que antes de dicir isto lle apuxen e sigo sostendo.

Gustoume lela, mesmo ás trágalas, para recensionala neste dossier sobre Mar da nosa *Andaina*, aprendín cousas, emocioñeime pensando en todas esas mulleres que nos deron, efectivamente, a vida, a fala, o valor, a dor, a abnegación, a protesta, o silencio, o esforzo, a coraxe, a fortaleza.

Cabreeime ao constatar unha vez máis como nos furtan a historia, esa que vén de vello, de moi vello e segue vixente. A historia onde uns –poucos– enriquecéronse a costa do traballo delas, ás súas expensas, a expensas da súa vida duramente gastada en traballar para eles e para os seus luxos e comodidades. E por se fora pouco, inda se permitiron ningunealas, silencialas, acalalas... Como se non tivesen existido.

Todo isto: emocións, sentimentos e coñecementos débollon ás autoras (léase persoas) dos artigos desta revista... tan interesante, tan bonita e que faríades moi ben en ler, cando menos algúns dos seus artigos. ■

Filmes



A mariñeira

84 minutos

Producida por Diagonal TV,
Ficción Producciones, TV3 e TVG

Velaí vos vai unha película en consonancia co tema do dossier deste número de *Andaina*. Un filme de argumento fermoso que fala da valentía das mulleres de mar. Trátase dun drama histórico ambientado en Carnota, rodado en Quilmas, O Pindo, Corcubión e Dumbría, e inspirado en *A mariñeira de Quilmas*, un relato breve de Darío Xohán Cabana que relata as vivencias dunha muller e as súas dúas fillas na Galiza da guerra civil e da inmediata posguerra.

«Hasme ensinar a pescar?», pregúntalle ao remate da película *Nerea*, bisneta da *Mariñeira*, ao Rubio (interpretado por Xoel Fernández). Vén de morrer a súa madriña, unha muller que vogou na dorna cando non estaba permitido que as mulleres saísen ao mar. O seu home, o Pandullo, republicano convencido e coherente, botárase ao monte nos primeiros días do levantamento militar de 1936. Ela, muller e nai, saca adiante ás fillas pequenas. Unha historia de pelexas cotiás contra o Bailarete, o fascista local, e o seu aliado con sotana, coidadosamente interpretado por Antonio Durán, *Morris*. Só ao final da película descubrimos que o Pandullo leva anos morto, despeñouse no alto do Pindo e alí o atopou a súa muller, quen soterrou o corpo e finxiu

durante anos que o seu home vivía. O recordo del as protexía, a ela e as súas dúas fillas.

Asinan o traballo Antón Dobao como director e Xabier Cordal como guionista. Produto noso, feito na Galiza (o 54 % do capital foi galego). Entre os intérpretes algunhas caras coñecidas: Camila Bossa (como María, a protagonista), Lucía Regueiro (como Nerea), María Vázquez (no papel de Patrocínio), Antonio Durán, José Barato, César Cambeiro, Roger Casamajor (o Pandullo) e Monti Castiñeiras. A cinta recibiu numerosos recoñecementos entre os que cómpre destacar o Mestre Mateo 2008 á mellor película feita para a televisión. Foi ademais seleccionada para o programa do Prix Europa, de Berlín, na sección Fóra de Concurso, no Festival de Cine de Ourense, na sección Memoria Histórica, tamén fóra de concurso, e no Golden Chest Festival de Bulgaria. ■



Dora e Conxeta de loito pola morte da súa nai

Dora e os seus irmáns de tres nais

ANNA AMORÓS PONS

Esta é a historia de Adoración (Dora para os seus achegados). Unha historia chea de tenrura, de agarimo cara aos seus irmáns ou, mellor dito, cara aos seus medio irmáns nados de tres nais diferentes. Aínda hoxe, nese corpo miúdo, mestúranse infinidade de sentimentos, dende nostalxia, tristura, bondade...; sentimentos que son o máis puro reflexo da súa vida..., porque é ben certo que dentro dela gárdase moita vida. Unha vida marcada pola ausencia dos seus, polos medos do esquecer, polos desexados abrazos, polas esperanzas dos reencontros e polas alegrías das vivencias compartidas.

Dora naceu no ano 1925, durante a ditadura de Primo de Rivera, sendo a primeira filla do matrimonio composto por Adoración e Paco, que rexentaban unha tenda de ultramarinos. Tres anos despois, e ao pouquiño de nacer a súa irmá

Conxeta, a súa nai finaba con tan só vinte e oito anos. As dúas cativas quedaron ao coidado do seu pai e dos seus avós, Pepa e Vicentet. A avoa Josefa (ou Pepa para os seus) ben sabía do soliñas que estaban as súas netas, porque ela tamén foi orfa a idade de catro anos. Pepa sabía moito de criar nenos, porque se ocupou dos seus seis fillos (catro nenas e dous nenos) e, ademais, aínda deu de mamar a tres nenos:

Si, pero naquel tempo era tanto o traballo e a necesidade que a miña irmanciña Conxeta mandárona a criar a casa duns familiares, lonxe [...], e eu quedei coa miña avoa [...], polo que dende ben rapaciñas xa estivemos separadas.

Aos catro meses de quedar viúvo Paco, o pai de Dora e Conxeta, volveu casar. Coa súa nova muller, María, tivo tres fillos, Tere, Paco e Pepica (aínda que esta última falecería tempo despois a consecuencia da tuberculose):

LEMBRANZAS dunha época

Si, eu sabía que o meu pai casara e que tiña tres novos irmáns [...] xa eramos cinco! [...] e víaos cando quería, porque vivían cerquiña da casa da miña avoa Pepa!

Dora pasou a súa infancia, adolescencia, xuventude e tamén os primeiros anos de casada na casa dos avós:

Aínda hoxe lembro a escola, a das monxas, con sor Luísa [...], alí fun aprender a ler e escribir ata os catorce anos [...]. Despois comecei a traballar nun almacén, o do tío Josep el Fuster, [...] e aos quince anos mandáronme aprender a coser á casa de Vicentica la Sabatera [...]. Aprendín e aprendín ben, porque me gusta tanto que aínda hoxe o coser é case para min unha vocación [...].

Un pouco antes da guerra civil de 1936, o pai de Dora enviuvou de novo e decidiu casar de seguido con Pepica, a irmá da súa muller que era vinte e un anos máis nova ca el:

Si, casou [...], porque con tantos cativos na casa non daba feito! [...] e ademais por aquel entón tiñan que pagar un imposto á Igrexa que se chamaba o *breu* por enviubar e casar cunha irmá da súa defunta muller [...], pero lembro que eles non o fixeron, porque conviviron xuntos sen casar ata esgotar o prazo que a Igrexa imponía.

A nova parella foise a vivir a cidade, pero coa guerra decidiu volver á poboación. Coa Pepica, Paco tivo tamén tres fillos, Maruja, Juanita e José Miguel. E con eles foise a vivir Conxeta, a irmá pequena e afastada de Dora que agora tiña dez anos:

Eu estaba moi contenta, porque xa todos íamos estar xuntos na mesma poboación [...], pero pobre da miña irmanciña Conxeta, o que lle esperaba [...] traballaba moitísimo na casa, facendo duros traballos [...] e non era nadiña feliz! [...] Vendo iso o meu pai decidiu internala durante tres anos no colexio das dominicas [...], tiña entón doce anos! [...] e estando alí comezou a estudar a carreira de música, ela é pianista [...].

Pasou o tempo e Conxeta regresou de novo á poboación. Despois de vivir seis anos coa avoa Pepa e coa súa irmá Dora, decidiu ingresar como monxa na congregación das dominicas.

En plena posguerra, aos quince anos, Dora coñeceu a Pepe, *el del roig de la pedra* e despois dun longo noivado decidiron casar, era abril do ano 1951. Uns anos máis tarde, en 1956, faleceu a súa avoa Pepa:

Morreu aos oitenta e dous anos [...], era a miña avoa, pero tamén foi para min unha nai!

De longa vida son os antepasados de Dora, porque case á mesma idade que a avoa Pepa faleceu o seu pai:

Tiña cinco anos máis que ela, oitenta e sete, e morreu o mesmo día da voda do seu fillo pequeno, José Miguel [...]. O meu pai era sempre tan xovial e alegre! [...] E lembro que sempre nos dicía a todos: «Teño oito fillos e pídovos que aínda que sexades de tres nais diferentes esteades unidos [...]».

Xa no atardecer da vida, Dora perdeu o seu marido Pepe, o compañeiro inseparábel da súa viaxe, era o ano 2006. E hoxe, aos oitenta e cinco anos, lembra con agarimo e nostalgia:

Estiven cincuenta e cinco anos de casada e once de noivos [...] e fomos tan ditosos [...] Tivemos tres fillos, Dora e Pep, que hoxe son profesores, e Elisa que é doutora [...]. E cinco fermosos netos [...]. E, ademais, todos os meus irmáns aínda viven, agás Pepica [...] e están todos eles ben [...] e eu como irmá maior, como muller, como nai e como avoa claro que teño moito que lle agradecer á vida! ■

A avoa Pepa



Libros



Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha

Mónica BAR CENDÓN: *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha*, Vigo, Xerais, 2010

P. SANTOS ARIAS

Editado no selo Xerais (colección Crónica) e dedicado ás feministas que abriron vías de liberación para o conxunto das mulleres, Bar Cendón, vén de publicar este libro de 387 páxinas. Un traballo que abrangue desde o ano 1975 ata comezos do 2000.

Adquirimos o libro co entusiasmo e a expectación que se merecen un traballo esperado e necesario, mais comprobamos enseguida que a autora ten as súas ideas e opinións e que se ocupa de transmitilas dun xeito partidista que afasta o resultado da verdadeira crónica e dunha investigación rigorosa. Basta botarlle un ollo ao índice onomástico e á bibliografía (prestando especial atención aos libros citados polos non citados), para saber cales son as querenzas que condicionan o conxunto do libro.

No capítulo dedicado aos albores do movemento feminista español, sinalar cuestións como a omnipresenza de Madrid e as ausencias de case todo o demais, a escandalosa ausencia da Coordinadora de Organizaciones Feministas del Estado Español (COFEE), o papel rechamante das organizacións vencelladas ao PCE, ORT e PTE ou o sectarismo despregado a respecto do MC.

Anotamos a presenza de atribucións impropias cara a protagonistas concre-

tas, datas erradas en asuntos de importancia e confusións conceptuais importantes. A isto cómpre inda sumar, ilustracións mal datadas, incompletas e mesmo colocadas fóra de contexto.

Non resulta fácil saber cando o que lemos se corresponde con transcripcións textuais das persoas que deron testemuño e cando estamos ante interpretacións da autora. Tampouco se respecta a veracidade dos feitos obviando a máxima xornalística *os feitos son sagrados, as ideas libres*. Desde o punto de vista dos debates ideolóxicos no feminismo e da súa expresión en posicións e propostas sobre sexualidade, violencia, malos tratos, prostitución, idea de xénero, pornografía... o libro resultounos decepcionante. Semella como se non houbera no feminino debates de interese e fondos. Nin alusións. No caso da prostitución enúnciase que hai tres posicións, pero só se fala dunha, a abolicionista.

Un libro que ten un indubidable traballo detrás e que servirá para estimular debates e novas construcións, pero que adoce de problemas moi serios de metodoloxía,¹ de rigor, de comprobación (por exemplo confunde unha reunión da Coordinadora de Organizaciones Feministas do Estado Español celebrada en Compostela en 1978 coas

I Xornadas Feministas Galegas) e contraste de datos,² de xeito de abordar o traballo das organizacións feministas. Antóllasenos que todo queda reducido a unha farragosa sucesión de datos, datas e conversas pouco conexas, con descompensacións importantes e evidentes, por exemplo ás erradas I Xornadas Feministas Galegas (Compostela, 1978) dedícalles quince liñas, mentres que as II Xornadas de Feministas Independentes (Vigo, 1981) ocupan cinco páxinas.

Só unha pregunta final: Que pasa desde o ano 1985 até finais da década do noventa? ■

¹ Como se explica a creación do Centro de Información, organismo dependente do Concello de Coruña no apartado dedicado á *crise e reestruturación do movemento feminista*?

² Na páx. 237 aparece unha mención á revista *Andaina* no ano 1978, cando na páx. 344 aparece mencionada entre as revistas galegas co ano de inicio 1983.





Sobre unha mostra
da desigualdade.

Relato sobre a sospeita dunha loita pouco afortunada

MARÍA DO CARME GARCÍA-NEGRO*

Non poderíamos aseverar, en boa lóxica, que un só caso de reprodución *ampliada* da desigualdade fose suficiente para poñer en cuestión toda unha corrente de loita feminista que, ademais, logrou converterse nunha bandeira política de transformación social en moitos campos: no sindical-laboral, no dos dereitos civís, no da invisibilidade, no dereito á educación...

Cinguíndonos á area dos países occidentais máis industrializados (OCDE) se tomamos como intervalo de análise os últimos trinta e cinco anos (comezando en 1975, inicio do Decenio da Muller, ONU) ten habido cambios que, en termos cualitativos, han marcar un antes e un despois dese decenio.

Referimos os cambios principalmente nas condicións de acceso á educación, á formación profesional, ao acceso ao mercado de traballo, ao dereito á promoción, á eliminación de trabas e barreiras legais en todos os campos profesionais, á cobertura legal na busca

da desaparición das diferenzas no mercado de traballo... E, sen embargo, na actualidade, e semella que de forma recorrente como se de lava dun volcán redivivo se tratase, volvemos a convivir con situacións que críamos formaban parte (deberían, cando menos) dun pasado histórico superado: relacións laborais de escravitude, relacións laborais extra mercado de traballo (marxinalidade/ilegalidade), relacións de traballo no mercado formal, pero con salarios moi por baixo do nivel de subsistencia medio, e presenza masiva en ámbitos de actividade económica habituais de presenza feminina (é dicir sectores maduros) con pouco éxito na promoción profesional/salarial ou presenza masiva en sectores de actividade económica de recente feminización, que acadan as

* Universidade de Santiago de Compostela.

características de feminino=menor capacidade na promoción laboral (con todo o que leva incorporado... dereitos, salarios, prestixio...). É dicir, semella que o indubidábel logro da incorporación case universal das mulleres ao mercado de traballo se tivera feito para reproducir e/ou ampliar a desigualdade preexistente entre homes e mulleres noutros ámbitos das relacións humanas en sociedade.

Se tomamos como caso a evolución observada no mercado de traballo español, amosa unha capacidade elevada de absorber e incorporar man de obra feminina en todos os estratos, en todos os subsectores e en todos os niveis. Desapareceron case todas as trabas legais e demais obstáculos burocráticos que impedían no franquismo o traballo no ámbito público das mulleres: prohibi-

ción de acceso a determinadas profesións, a determinados oficios, en determinadas condicións... Referímonos ao acceso ao exército, á xudicatura, á representación xurídica individual e non intermediada (polo pai ou polo marido)... semella que foron abolidas as trabas que colocaban no plano legal á prohibición de acceso ou posibilidade de ostentación de cargos en función da cualificación. É sabido que nos traballos desenvolvidos nas capas inferiores do mercado nunca sufriron de veto algún: as mulleres foron labregas, lavandeiras, pasadoras, cocíneiras, amas de cría, fregadoras, vendedoras ambulantes, panadeiras, confeiteiras, mariñeiras, mariscadoras, peixeiras, conserveiras, alcaiotas, prostitutas (de alta, media e baixa estofa), enfermeiras, auxiliares de todo tipo de oficios, dende

na clínica ata na policía local ou na minaría, compoñedoras, menciñeiras (isto é o máis próximo ao auxilio das almas, oficio aínda prohibido ás mulleres na Igrexa católica)...

Pero este exercicio *de facto* nese amplo abano de actividades, foi desempeñado até moi recentemente, sen recoñecemento de dereito: é dicir, non existía unha correspondencia entre o

Desapareceron case todas as trabas e demais obstáculos burocráticos que impedían no franquismo o traballo no ámbito público das mulleres: prohibición de acceso ao exército, á xudicatura, á representación xurídica individual e non intermediada [...]



real desenvolvemento de traballos e o seu vínculo coa produción, coa regulamentación e recoñecemento legal de existencia de tal actividade. Nótese a ausencia do normal desenvolvemento da procura de dereitos si incorporados aos oficios dos traballadores masculinos protagonistas, de feito e de dereito, no mercado laboral.

Estámonos a referir abertamente ao conxunto de actividades vinculadas coa *producción* e con aqueles outros que, aínda hoxe, é preciso extraer do ámbito do oculto, porque por definición no entran no PIB. É dicir, todas as citadas arriba significaban unha contribución neta ao produto, ben porque se exercían na creación directa de bens, ben por selo no sector servizos como actividades remuneradas.

Non se trata, xa que logo, de actividades desenvolvidas no seo familiar e polo feito de ser parte da familia, senón actividades directamente vinculadas coa creación anual de bens.

A evolución observada no mercado español recolle a conversión en actividades de dereito, aquelas desenvolvidas por mulleres no ámbito oculto, marxinal ou subterráneo, pero curiosamente para convertelas, en moitos oficios e en moitos espazos, en actividades que *permanecen* na escala económica ínfima, por ser titulada agora por mulleres inmigrantes procedentes de economías con menor grao de desenvolvemento económico. Esta circunstancia favorece a reprodución de situacións de marxinalidade: os soldos correspóndense co nivel mínimo de subsistencia, non no mercado español no ámbito europeo, senón co nivel do mercado de procedencia das traballadoras inmigrantes (*soldos* no traballo doméstico de 400 euros) e, a súa vez, contribúen (a marcar o nivel medio deses soldos) a manter o baixo chan ou punto de partida inferior dos salarios pagados no mercado español polas actividades do mesmo tipo desenvolvidas polas restantes traballadoras do mesmo sector.

Ademais (e para aumentar o tamaño do paradoxo) en algúns casos son as

propias mulleres con posición mellor relativa no mercado de traballo, as empregadoras daquelas outras con oficios de menor recoñecemento no mercado, as que representan *de facto* o papel de pagadoras e fixadoras das condicións laborais das empregadas no campo doméstico ou nos oficios vinculados ás actividades de servizos con empresarias autónomas do xénero feminino.

evolución con crecemento económico (e no caso español nos últimos anos do século XX e primeiros do XXI foi dunha moi alta velocidade, pasouse nesas décadas de ser un país europeo pobre á undécima potencia industrial do mundo) leva aparelada –no sistema económico capitalista– a característica de crecemento con *desigualdade*.

A manifestación máis salientábel de desigualdade é, polo tanto, o ancheamento do abano de diferenzas asimétricas no seo do mercado laboral. O feito de acadar cotas de crecemento económico importante, con aumento xeral de riqueza dispoñíbel, non foi nin é, no sistema capitalista, garantía nin condición para o derrubamento ou desaparición da desigualdade



Semella que en lugar de esvaecerse, permanecen e se reproducen condicións laborais propias doutra época: precarias, subterráneas, ilegais.

Este comportamento de resistencia ao cambio semella que debemos interpretalo como unha característica estrutural do mercado de traballo. É así. A

O feito de medrar non xera igualdade, senón que ensancha, amplía ou afonda a desigualdade. A manifestación máis salientábel de desigualdade é, polo tanto, o ancheamento do abano de diferenzas asimétricas no seo do mercado laboral. O feito de acadar cotas de crecemento económico importante, con

aumento xeral de riqueza dispoñíbel, non foi nin é, no sistema capitalista, garantía nin condición para o derrubamento ou desaparición da desigualdade. Parece como si o crecemento non derrotase os chanzos inferiores de condición de traballadoras moi sometidas e, sen embargo, ampliase ou abrise a posibilidade de ampliar as diferenzas asimétricas entre as capas medias e as superiores do mercado de traballo e a integración das mulleres ao mercado laboral. Para utilizar unha ironía histórica, acadouse a igualdade cos homes naqueles nichos do seu rol social que deberían ter desaparecido. E aínda non tratamos as diferenzas salariais nos mesmos traballos ou as diferenzas de acceso ou as de promoción ou as provocadas pola dobre (tripla as veces) xornada de traballo do conxunto de

mulleres. Se nunha negociación colectiva sindicatos/empresarios ten que haber mulleres para ter en conta as necesidades sociais de atención no tocante á reprodución e mantemento de forza de traballo (sexa nos fogares, sexa con sentido social do colectivo) quer dicir que socialmente está vixente a atribución *única* ás mulleres desa responsabilidade. Se o Estado ten exactamente o mesmo esquema legal (Ministerio de Igualdade como mecanismo de compensación, Economía non importa que non contemple as necesidades colectivas da poboación que *atenden* ás mulleres) pouco se ten adiantado ou mesmo en algo está desenfocada a loita das mulleres pola igualdade. Ao mellor só quer dicir que as ansias de conseguir a igualdade teñen quedado plasmadas nunha especie de remedo do orixinal nas pro-

postas, pero pode ser un bo momento para reflexionar sobre a orientación do novo camiño.

Seméllanos que non podemos obviar que o sistema capitalista desenvólvese como un ser vivo (que sexa máis ou menos monstruoso neste momento de discusión non é relevante) que ten a súa propia capacidade de reaccionar ás revoltas internas, e mesmo fagocítalas, enquistalas para seguir sobrevivindo. Obviar, esquecer, non tomar en consideración esa capacidade neste momento de desenvolvemento dunha economía mundial, globalizada, é tanto como perder a referencia do marco onde estamos actuando. ■



AQUANOVA
viajes
Asesoría Turística

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



CARTELES
Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

PUBLICIDADE

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

andaina
revista galega de pensamento feminista

Nome	Apelidos
Enderezo	Localidade
.....	Código Postal
Desexo subscribirme á Revista Andaina a partir do nº	
Prezo: <i>Tarifa normal</i> <input type="checkbox"/> 15 € ano	<i>Tarifa de apoio</i> <input type="checkbox"/> 16 € ano

<input type="checkbox"/> Envío talón. Pago en efectivo	Data
<input type="checkbox"/> Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301)	Bco/Caixa
<input type="checkbox"/> Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina , apdo. 1058 de Santiago)	Oficina
	Localidade

Agradecereilles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade	Oficina
Dc	Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
Atentamente:

Nome	Apelidos
Sinatura do/a titular da conta:	
.....	

PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro

Praza do Libro, 12

Librería Xiada

Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume

Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena

Rúa Michelena, 22

Librería Paz

Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro. Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira

Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama

Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ Horario de atención ó público

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

O 1 de febreiro de 1921 o xornal *A Nosa Terra* recollía a seguinte noticia: «A “Irmandade da Fala” da Coruña acordou iniciar un homenaxe as tres heroicas rapaciñas de Sálvora. Josefa Parada, de 25 anos, Cipriana Oujo, de 16 e María Fernández, de 14, que n’ unha pequerrecha dorna, espóndose a unha morte segura, desafiaron o temporal, andando e desandando tres veces perto de dúas millas para salvaren d’afogamento a moitos náufragos do “Santa Isabel”.

As heroínas da illa de Sálvora

A iniciativa da “Irmandade”, sempre atenta a esaltar os valores da Terra vai por bó camiño».

O *Santa Isabel*, un vapor-correo cargado de emigrantes que zarpara do porto da Coruña con destino a Cádiz, afundira na madrugada do 2 de xaneiro dese mesmo ano nas inmediacións de Sálvora. Josefa, Cipriana e María, saíron en auxilio de pasaxeiros e tripulantes en canto sentiron o son da buguina pedindo axuda. As tres sabían que aquela noite a maioría das familias da illa non lles poderían valer aos náufragos, pois estaban en terra firme, pasando as festas cos seus. Estas valentes e anónimas mulleres do mar fixeron un total de catro viaxes entre a illa e o *Santa Isabel*. Na última delas remolcaron un dos botes salvavidas do barco ateigado de asustados viaxeiros.

Sen máis recursos cunha pequena embarcación e a forza dos seus brazos, as «heroínas de Sálvora» lograron salvar a vida de medio centenar de persoas das 266 que ían a bordo. O resto faleceron no accidente. Outras mulleres e mozas deron acubillo e prestaron os primeiros auxilios aos rescatados que ían chegando á illa. Cando por fin chegou a axuda de Ribeira, ben entrada a mañá, pouco quedaba por facer, os que non faleceran afogados estaban seguros en Sálvora.

Ademais da iniciativa emprendida pola Irmandade da Fala da Coruña, estas bravas mulleres recibiron unha pensión de por vida e a Cruz de Terceira Clase con Distintivo Negro e Branco, do Consejo de Estado. Desde aquela o Concello de Ribeira ostenta o título de «Moi nobre, moi leal e moi humanitaria cidade».

Para saber máis:

FERNÁNDEZ PAZOS, X. M.: *Sálvora: Memoria dun naufragio. A traxedia do Santa Isabel*, Documentación do Arquivo Municipal de Ribeira, Editorial Coordenadas, 1998.

TEIRA PALEÓN, L.: «Sálvora: Illa das mulleres salvadoras», *Ardentía* (Pontevedra), núm. 4 (2007).

